



FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA  
Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea  
MEMORIA DE INVESTIGACIÓN

*As mulleres galegas traballaban ou botaban unha man?*

*Unha aproximación á realidade social e laboral das mulleres do rural*

*a través de fotografía de Ruth Matilda Anderson*

Autora

Leticia Mayán Rodríguez

Titora

Margarita Barral Martínez

Santiago de Compostela a 22 de Xuño de 2025

**Resumo:** Neste traballo investigaremos a realidade das mulleres da Galicia rural a través da fotografía de Ruth Matilda Anderson. Analizaremos que factores impulsaron a creación da *Hispanic Society of America* e o traballo de Ruth en Galicia. Empregaremos tres fotografías concretas como fonte de información sobre os traballos femininos que non constan noutras fontes primarias. As imaxes actuarán como fío conductor para achegarnos á realidade social e laboral feminina da Galicia rural da década de 1920. A finalidade desta investigación é achegarse ao pasado dunha forma máis fiel, procurando coñecer unha parte tan importante da poboación como foron as mulleres do agro e tentar rachar co silencio que as deixou fóra da Historia.

**Palabras chave:** Ruth Matilda Anderson, Hispanic Society of America, fotografía, mulleres, rural galego, ollada feminista

**Resumen:** En este trabajo investigaremos la realidad de las mujeres de la Galicia rural a través de la fotografía de Ruth Matilda Anderson. Analizaremos qué factores impulsaron la creación de la *Hispanic Society of America* y el trabajo de Ruth en Galicia. Utilizaremos tres fotografías concretas como fuente de información sobre los trabajos femeninos que no constan en otras fuentes primarias. Las imágenes actuarán como hilo conductor para acercarnos a la realidad social y laboral femenina en la Galicia rural de la década de 1920. La finalidad de esta investigación es abordar el pasado de una forma más fiel, tratando de acercarnos a una parte importante de la población como fueron las mujeres del agro e intentar así romper con el silencio que las dejó fuera de la Historia.

**Palabras clave:** Ruth Matilda Anderson, Hispanic Society of America, fotografía, mujeres, rural gallego, perspectiva feminista

**Abstract:** In this work, we will explore the reality of women in rural Galicia through the photography of Ruth Matilda Anderson. We will analyze the factors that led to the creation of the Hispanic Society of America and Ruth's work in Galicia. We will use three specific photographs as sources of information about women's labor that is not documented in other primary sources. The images will serve as a guiding thread to bring us closer to the social and working reality of women in rural Galicia during the 1920s. The aim of this research is to approach the past in a more accurate way, seeking to shed light on an important segment of the rural women and to help break the silence that has excluded them from history.

**Keywords:** Ruth Matilda Anderson, Hispanic Society of America, photography, women, rural Galicia, feminist perspective

## Índice

Introdución	5
Estado da cuestión	5
Metodoloxía	7
Fontes destacadas	7
Obxectivos do traballo	8
1. Galicia como escenario atractivo para o pensamento anglosaxón	9
1.1 O interese de Huntington polos <i>pobos orixinarios</i>	9
1.2 A creación da <i>Hispanic Society of America</i>	10
1.2.1 A aposta pola documentación fotográfica	12
2. Ruth Matilda Anderson: formación, desenvolvemento e directrices	13
2.1 Traxectoria académica e ingreso na <i>Hispanic Society of America</i>	13
2.2 Directrices de Huntington para o seu traballo de campo en Galicia	14
2.2.2 Ausencias: visión selectiva e desinterese	15
2.3 Formación previa de Anderson para o seu traballo etnográfico en Galicia	16
3. Anderson en Galicia	17
3.1 Viaxes a Galicia e traxectoria na <i>Hispanic Society of America</i>	17
3.2 Que viu Ruth que non viron outros fotógrafos?	19
3.3 Metodoloxía de campo desenvolvida por Ruth en Galicia	19
3.4 A mirada de Ruth sobre Galicia	24
3.4.1 Os estereotipos que alberga a mirada	26
3.4.2 A <i>mirada</i> que se agocha tras a <i>vista</i>	29

4. Importancia da fotografía nos estudos de xénero	30
4.1 Utilidades da fotografía como fonte histórica e historiográfica	30
4.1.1 Antropoloxía da imaxe	31
4.1.1.1 Críticas ao <i>Método Panofsky</i> e necesidade da perspectiva de xénero na análise fotográfica	32
4.2 Ausencia de mulleres nas fontes: a importancia da fotografía	33
5. A Galicia rural dos <i>marabillosos anos vinte</i>	34
5.1 Importancia da microhistoria e os estudos locais	36
6. As mulleres no rural a través do obxectivo de Ruth Matilda Anderson	36
6.1 As mulleres no ámbito doméstico	37
6.2 Pluriactividade feminina: eficientes dentro e fóra da casa	38
6.3 O impacto da emigración masculina e a feminización dos traballos	40
6.4 División sexual do traballo no rural: as tarefas invisibilizadas	42
6.5 Importancia das fotografías de Ruth para coñecer os traballos femininos	43
6.5.1 Aportación das mulleres do rural á economía galega	45
7. As mulleres galegas traballaban ou botaban unha man? Repensando a terminoloxía	46
8. Análise das fotografías seleccionadas	47
8.1 As leiteiras de Carnota	47
8.1.1 O traballo das leiteiras visto por Ruth Matilda	49
8.1.2 Anotacións de Anderson sobre as mulleres fotografadas	50
8.1.3 A folga das leiteiras de Ferrol en 1910: activismo e conciencia laboral	52
8.1.4 Aurora Liste Forján: testemuño dunha leiteira do rural	54
8.2 Mariscando preto de Carril	56
8.2.1 Muller mariscando ou muller mariscadora? Lexitimidade do oficio	57

8.2.2 Mulleres de mariñeiros: moito traballo e pouco recoñecemento	59
8.2.3 Escaseza de fontes: o reto de investigar sobre o traballo feminino na costa galega	61
8.3 Mulleres de loito en Muros: morte, espiritualidade e xénero	62
8.3.1 O Día de Defuntos	63
8.3.2 O loito feminino: códigos e construción simbólica	64
8.3.2.1 A roupa como linguaxe da dor	65
8.3.3 Mulleres anticipadoras da morte	66
8.3.3.1 Mulleres que tratan cos mortos	68
8.3.4 A morte vivida en comunidade: o loito como marcador social	69
8.3.5 As viúvas: condición social e simbolismo cultural	71
8.3.6 Crenzas espirituais: supostos poderes máxicos femininos	72
8.3.6.1 Supersticións negativas sobre as mulleres	73
9. Desmontando a hipótese do matriarcado galego	74
Conclusións	77
Agradecementos	79
Bibliografía	80
Fontes hemerográficas	85
Referencias fotográficas	85

## Introdución

O motivo da escolla deste tema para a realización do Traballo de Fin de Mestrado ten a súa raíz na primeira semana de curso do Mestrado de Historia Contemporánea. Concretamente durante unha clase cando un dos profesores nos falou da existencia de diversos censos de poboación nos que constan os traballos realizados polos homes pero non os das mulleres. No caso feminino moitas veces podemos ler "sus labores" ou "su sexo" que significa que *simplemente* realizaban tarefas relacionadas coa súa condición de *muller* como, por exemplo, os coidados dos fillos e o mantemento do fogar. O profesor, tras rematar de enunciar esta presenza discriminatoria cara as mulleres nas fontes documentais formulou as seguintes cuestións: *Vós credes que iso é certo? As mulleres non traballaban?*

Eu, como galega nada nun pobo costeiro que se criou cos seus avós, recordaba a dúas das miñas bisavoas que traballaron dende nenas ata que morreron con máis de noventa anos. A partir desta motivación micro-histórica, que veu dada polo meu entorno familiar, quixen facer unha análise máis completa que abarcara outras zonas de Galicia, onde estaba completamente convencida de que as mulleres do rural traballaran. Xa que os censos de poboación, neste caso, actúan como fontes que nos ocultan información debido ao seu sesgo sexista derivado do pensamento da sociedade patriarcal da época, quixen recorrer a outro tipo de fontes primarias onde si se amosara que as mulleres realizaban traballos máis aló dos asociados ao seu xénero. É por iso que escollín as fotografías feitas por Ruth Matilda Anderson na Galicia rural dos anos vinte do século pasado. Esta autora ten unha gran cantidade e variedade de imaxes que poden aportar información relevante e interesante no que concirne a esta investigación. As imaxes poden axudarnos a encher os baleiros das fontes documentais. Ademais, coñecer a realidade social e laboral das mulleres do rural é algo preciso para poder formular unha historia de Galicia máis fiel á realidade. Tamén é un exercicio de xustiza e de memoria; estamos a darlle voz a unha parte da sociedade que se discriminou por cuestión de xénero.

## Estado da cuestión

Dende a década de 1970 houbo un gran interese por elaborar unha historiografía galega feminista que recuperara a realidade social, económica, política e cultural das mulleres do noso país. Autoras como María Xosé Queizán realizaron diversos estudos nos que

investigaron e reflexionaron sobre o noso pasado a través da ollada feminista. En canto á fotografía de Ruth Matilda Anderson foi obxecto de interese de moitos investigadores como José Luis Cabo ou Patrick Lenaghan que analizaron o seu traballo etnográfico e reflexionaron sobre a súa importancia na construción dunha imaxe de Galicia na actualidade. Por outra banda, no referente aos traballos levados a cabo polas mulleres galegas, Luisa Muñoz Abeledo investigou sobre as condicións laborais e a participación feminina no sector agrario e pesqueiro, elaborando xunto a autoras como Teresa Ortega López unha serie de textos coa finalidade de solventar eses silencios referentes á realidade laboral das mulleres que nos atopamos nas fontes documentais. Se ben é certo que a historiografía feminista deu importancia á realización de investigacións centradas no papel da muller, esta perspectiva foi moi selectiva e deixou fóra a moitas mulleres, sobre todo as pertencentes ás clases baixas. Atopar información sobre as mulleres do agro galego segue a ser un asunto complicado xa que, ademáis da escaseza de fontes e o silencio que se atopa nelas, estas pareceron non espertar interese dos investigadores.

Non hai ningún estudo específico que analice as fotografías de Anderson protagonizadas por mulleres en profundidade, tentando descubrir a súa realidade social e laboral a través das imaxes. Hai moitos traballos sobre a propia Ruth Matilda e a *Hispanic Society of America* (HSA), tamén sobre a importancia das imaxes para o coñecemento do pasado galego e incluso sobre as mulleres que se atopan nas fotografías, nalgunhas ocasións tentando idealizar as súas labores. Por iso nesta investigación empregaremos as imaxes como fonte visual que nos axude a comprender a realidade pasada. O feito de que as mulleres galegas do século XX non foran recoñecidas polos seus coetáneos provocou a elaboración dunha teoría que fala sobre a existencia dun matriarcado galego. Esta hipótese, lonxe de dar valor ás mulleres da Galicia rural, nega a existencia dun patriarcado e unha sociedade sexista que as afogou, silenciou e infravalorou. Por iso neste estudo tamén falaremos sobre esta teoría e reflexionaremos sobre os argumentos que compoñen a súa defensa. Ademáis, achegarémonos de forma particular á fotógrafa Ruth Matilda tentando entender o seu pensamento e valorando o seu traballo.

## Metodoloxía

A metodoloxía empregada para a realización deste traballo consiste na análise histórica e visual da fotografía de Ruth Matilda xunto coa bibliografía histórica, antropolóxica, económica e de xénero pertinente para realizar unha investigación máis fonda. A interdisciplinaridade e a ollada feminista serán os eixos principais na construción deste traballo. Para poder coñecer a realidade que se agocha tras a fotografía analizaremos os impulsos que trouxeron consigo a creación da HSA. Mediante o coñecemento dos intereses da institución, veremos as directrices e a metodoloxía seguida por Anderson en Galicia para logo centrarnos na realidade das mulleres da época. A escolla e a análise de tres fotografías concretas serán o fío conductor para reflexionar sobre a realidade laboral e social das mulleres do rural. As imaxes actuarán como documentos históricos que, ao ser complementadas con material bibliográfico, permitiránnos afondar en cuestións relacionadas cos traballos femininos, os roles de xénero, a violencia simbólica cara as mulleres e a súa participación no ámbito social e económico. As fotografías actuarán como material visual que amosan os traballos realizados por diferentes mulleres e captan o papel que estas ocuparon a nivel social. Trataremos temas como o impulso da economía agraria por parte das mulleres do campo, o traballo das mulleres da costa que mariscaban pero non eran consideradas mariscadoras e como as mulleres eran as portadoras do loito por excelencia. Nas primeira fotografía analizaremos un traballo no rural, na segunda unha actividade na costa e na terceira a carga simbólica e espiritual que se lles impoñía ás mulleres. Para finalizar, reflexionaremos sobre como este tipo de fotografías poden derivar na crenza dunha superioridade feminina que pasou desapercibida pola sociedade.

## Fontes destacadas

Para a realización este traballo a bibliografía seleccionada foi de gran axuda para afondar en determinadas cuestións. No que concirne á biografía de Ruth Matilda Anderson, o seu traballo en Galicia e as directrices e intereses da HSA a obra *Unha mirada de antano: fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia* (2009) foi moi relevante. Ademais, conta cun catálogo das fotografías realizadas por ela que se divide nos apartados que organizou para realizar o seu traballo en Galicia. A información que complementa ás imaxes é de gran interese nesta investigación xa que nesta obra participaron varios autores que aportaron moita información necesaria para comprender as fotografías e a realidade que se agocha detrás.

Neste senso tamén foi relevante a obra de Ruth Matilda (1939) *Pontevedra and La Coruña* onde recolle as anotacións escritas por ela durante as súas viaxes a Galicia. Estas notas foron moi reveladoras para coñecer a realidade que se agocha tras as fotografías analizadas neste traballo; a obra conta cun gran carácter descriptivo que aporta información que non debería ser pasada por alto.

No relacionado coa importancia da fotografía como fonte histórica, Peter Burke (2005) en *Visto y no visto: el uso de la imagen como documento histórico* aporta moita información de interese sobre o emprego desta fonte na historiografía. Analiza os factores que debemos ter en conta os historiadores á hora de empregar a fotografía como fonte nas nosas investigacións, advirte sobre os condicionantes das propias imaxes e a información oculta que se pode agochar tras elas. Ademáis, reflexiona sobre elementos que poden pasar desapercibidos e dos que o fotógrafo ou fotógrafa non foi consciente á hora de executar o seu traballo pero que para o análise histórico e historiográfico poden ser de gran interese. A análise que fai sobre os estereotipos e os prexuízos que se atopan tras a mirada das persoas que realizan as fotografías foi clave á hora de realizar este traballo de investigación.

En canto á realidade laboral das mulleres galegas do século XX, as obras de Luisa Muñoz foron de axuda para coñecer os datos sobre a participación feminina na economía galega. Ademáis, estableceu unha serie de correccións necesarias para poder achegarnos dunha forma máis precisa á realidade dos traballos realizados polas mulleres do rural que contan con tan pouco protagonismo noutras fontes e obras bibliográficas.

### Obxectivos do traballo

Os obxectivos deste traballo son aproximarse á realidade social e laboral feminina da década de 1920. Coñecer os estereotipos que condicionaron a mirada de Anderson e que propósito tiña ela coa realización das fotografías. Mediante a selección de tres destas imaxes, tentaremos descubrir que traballos realizaban as mulleres, que papel ocupaban dentro da economía galega e o seu recoñecemento a nivel social. Aplicando a perspectiva de xénero, trataremos de visibilizar ás mulleres do rural. Tamén buscamos contribuir á recuperación da memoria destas mulleres que foron borradas da Historia por ser consideradas irrelevantes.

## 1. Galicia como escenario atractivo para o pensamento anglosaxón

Malia non atoparse dentro do *Grand Tour*, moitos intelectuais de orixe anglosaxón tiveron interese por explorar España e máis concretamente por adentrarse na periferia. A ausencia dunha modernización tan acentuada como a que estaba presente nas cidades europeas de finais do século XIX impulsou un sentimento de nostalxia cara os pobos orixinarios por parte destes pensadores. Desta forma, procuraron un exotismo que, segundo moitos deles, ía desaparecer en pouco tempo debido aos avance relacionados coa industria e a urbanización. Nos seguintes apartados analizaremos como influiu esta percepción da periferia española no pensamento de Archer Milton Huntington.

### 1. 1 O interese de Archer Milton Huntington polos *pobos orixinarios*

Archer Milton Huntington viaxou a Europa a comezos da década de 1880 co obxectivo de coñecer as cidades, o campo e as persoas que habitan eses lugares (López, 2020: 239). Realizou diversas viaxes a España a partir de 1892, a raíz das cales desenvolveu unha imaxe moi precisa do lugar e as súas xentes (Vázquez, 2020: 493). Non se embarcou nesta viaxe sen unha preparación previa, xa que anteriormente estudara a lingua española e anotara diversas cuestións ás que pretendía dar resposta durante as visitas intelectuais que protagonizou (López, 2020: 240). A procedencia social de Archer Milton apunta a que a súa formación académica foi moi completa e o seu interese por diferentes culturas foi crucial á hora de seguir formándose e adquirir novos coñecementos. Huntington non estaba interesado nas cidades nin nos lugares de España que seguían a estela da modernización occidental; sentiuse máis atraído polos lugares únicos e xenuinos que non perderan a súa esencia cultural orixinal. Pretendía inmortalizar todos eses elementos culturais que facían destes lugares algo único, coa intención de preservar esa cultura ante o temor a que se perdera. Non quería que eses pobos tan peculiares abandonaran os seus vestixios do pasado en favor dunha modernización que os fixera semellarse cada vez máis a outro lugares españoles ou europeos (Vázquez, 2020: 492).

Houbo intelectuais interesados na política relacionada cos nacionalismos emerxentes que se sentiron atraídos por estes territorios periféricos, precisamente por esa corrente nacionalista que estaban a desenvolver (Velasco, 2001: 46). Pero este non foi o caso de Huntigton que quedou abraiado polas paisaxes e xentes galegas que representaban a

*autenticidade*. Poñer o foco de interese no desenvolvemento dos nacionalismos periféricos sería recoñecer que moitos intelectuais foráneos se sentiran atraídos pola política galega e a defensa dos seus dereitos como rexión, pero iso non foi algo que chamara a atención de Archer Milton nin de moitos outros. Dar valor a estes personaxes suporía destacar unha intelixencia e un avance que para el non eran interesantes. A concepción que Huntington tiña sobre Galicia era moi peculiar, e a curta estancia que pasara nestas terras non lle permitiu superar os estereotipos relacionados co atraso e a rudeza desta terra e as súas xentes (Anderson *et al*, 2009: 69).

Huntington admiraba a autenticidade relacionada co atraso que para el, como neoiorkino de nacemento, era sumamente especial. Mais para a España de comezos do século XX a ruralidade non era unha novidade nin unha excepción; estaba presente na meirande parte do territorio. En xeral, os destinos escollidos por visitantes coma Archer Milton foron sobre todo as cidades máis desenvolvidas do país. Porén, isto non significa que non houbera persoas que se decantaran por lugares menos masificados, como foi o caso de Huntington. Pasara algún tempo nas cidades de Madrid e Sevilla e afirmaba que a España verdadeira atopábase no rural, fóra dos centros urbanos. Mesmo chegou a escribir en 1898 no seu diario que a verdadeira forma de coñecer España era a través do rural onde habitan *labregos asombrosos e homes e mulleres que parecen doutro tempo* (Anderson *et al* 2009: 20). Para o neoiorkino a esencia cultural das zonas rurais formaba unha parte importante da identidade nacional, achegándose así ao pensamento de Miguel de Unamuno que ensalzaba a relevancia da intrahistoria e a tradición como aspectos importantes da nación (Vázquez, 2020: 495-496). No seu diario escrito en 1898 reflexionou sobre a orixe dos galegos e galegas dicindo que polas súas veas corre sangue nacional que non fora alterada polo contacto con persoas do exterior (Anderson *et al*, 2009: 20). Desta forma deixa constancia da súa maneira de concebir aos habitantes destes lugares ao xeito de pobos indíxenas que aínda non foran conquistados.

## 1. 2 A creación da *Hispanic Society of America*

O interese pola periferia afectou a unha nova xeración de viaxeiros, principalmente escritores e debuxantes que se sentiron atraídos por esas sociedades alleas á modernización e que non se deixaron levar pola corrente imperial e eurocéntrica (Velasco, 2001: 46). En 1898 Huntington rematou *A Note-Book in Northern Spain*, un caderno que recolle parte das súas

anotacións feitas durante as diferentes viaxes que realizara á península na década de 1880 (López, 2020: 242). Como podemos observar, xa comezaba a desenvolver unha metodoloxía personalizada tendo en conta os aspectos que máis lle interesaban do país. É por iso que cando Ruth visitou Galicia na súa primeira viaxe, tivo que ter en conta as directrices de Huntington, sendo constante coas anotacións sobre festas, desprazamentos, interacción coas xentes locais e demais aspectos importantes nos que o fundador da Hispanic Society incidira. O propósito principal que se atopaba tras ese interese polas sociedades rurais españolas era preservar a súa cultura, pero tamén difundila. Desta forma, en 1904 Huntington cumpriu o seu soño de fundar un museo español creando así a HSA en Nova Iorque co obxectivo de levar esa cultura ao outro lado do charco, colaborando así na formación académica daqueles interesados (López, 2020: 239). A HSA contaba cunha biblioteca e un museo que aínda poden visitarse a día de hoxe. Foi creada como unha institución pública e gratuita que abriu as súas portas aos visitantes foráneos catro anos despois da súa fundación, tentando ser un centro dinámico e en continua actualización para as persoas que a visitaban. A difusión cultural promovida pola institución foi desenvolvida a partir de libros, documentos e, por suposto, fotografías. Huntington era un apaixonado do coleccionismo, por iso se introduciu na adquisición de elementos que representaban a cultura hispánica. Pouco a pouco foi facendo acopio de obras de arte españolas pero tamén lationamericanas (Vázquez, 2020: 494-495).

Peter Burke (2005) defende o coleccionismo fotográfico como algo necesario para a comprensión cultural xa que, segundo el, as fotografías son a mellor representación visual da vida humana e todo o que a rodea. As imaxes que compoñen o arquivo da HSA teñen diferentes procedencias. Algunhas foron mercadas polo propio Huntington durante as súas viaxes, outras promovidas pola HSA mediante a subvención a autónomos en diferentes expedicións (é aquí onde cobra importancia o papel das fotógrafas e conservadoras, entre as que se atopa Ruth Matilda Anderson) e, por último, as donacións ou agasallos que recibiu a HSA, como as da fundación do Marqués de Vega-Inclán, amigo achegado de Huntington (Vázquez, 2020: 497-498). Por outra banda, o museo da HSA contén diversas coleccións formadas por pinturas, esculturas, traxes, xoias, cerámica e gravados, o que amosa o interese pola cultura vai máis aló dos documentos e as fotografías (Vázquez, 2016: 23). Huntington pretendía albergar no museo a maior cantidade de elementos representativos da cultura hispánica posible.

### 1. 2. 1 A aposta pola documentación fotográfica

A fotografía é un elemento moi importante para a HSA xa que é unha mostra visual da cultura e a tradición. A esencia desta fonte radica en que pode captar un instante dunha forma máis fiel que a pintura. A fotografía é un dos inventos contemporáneos máis importante e por iso é unha fonte exclusiva da historia recente que nos pode aportar información moi relevante. Porén, hai que ter coidado con ela porque pode resultar enganosa. A súa aparencia tan obxectiva pode levar a pensar que é un reflexo da realidade e incluso pode facer que, como investigadores, cheguemos a conclusións precipitadas e xenéricas. Por iso non podemos falar de Ruth Matilda como unha fotógrafa que non manipulaba os escenarios e captaba as cousas tal e como eran. Se ben é certo que o traballo de Anderson destaca polo seu naturalismo, tamén veremos como creaba composicións nas súas fotografías e, sobre todo, como as imaxes feitas por ela estaban moi condicionadas pola súa mirada.

Dende a súa fundación a HSA considerou a fotografía un medio imprescindible para o coñecemento da cultura española. Ademais de ser unha ferramenta eficiente para a investigación, tamén actúa como un medio visual importante que fomenta o coñecemento interactivo (Vázquez, 2020: 494). A fotografía anglosaxona de comezos do século XX amosaba a nostalxia pola comunidade natural e orgánica creada polas vellas aldeas que mantiñan tradicións devanceiras (Burke, 2005: 147). Huntington asegurou que esta nova institución debía contar cun amplo arquivo fotográfico que captara diferentes temas relacionados coa cultura española e as súas costumes. Ademais, as imaxes debían ser complementadas con documentos que rexistraran aspectos etnográficos relevantes da cultura como a vestimenta, os traballos e as tradicións para poder achegarse dunha forma máis fiel a eses pobos. Huntington impuxo unha serie de normas ás súas conservadoras fotográficas antes de comezar as súas expedicións en España entre as cales se atopaba o desinterese pola industria moderna e incluso o sistema ferroviario. O que pretendía era afastarse de toda modernización e centrarse en escenarios que causaban menos interese (Vázquez, 2020: 494-495). É por iso que Ruth procurou en Galicia todos aqueles elementos que non atoparía nunha cidade, afastouse de todo aquilo que puidera recordarlle a Nova Iorque como vehículos a motor, avenidas longas e asfaltadas e grandes edificios (Forcadela, 2011: 163). Huntington ordenou a Ruth que se afastara das rutas principais e concurridas (Vázquez, 2016: 24). Estaba interesado nas imaxes do descoñecido e oculto porque, segundo el, aí era onde se atopaba a esencia verdadeira de España. Esta mirada atemporal coa que Huntington ve o noso

país, máis concretamente esa España xenuina que se atopa no rural, ten un matiz moi importante en torno ao que xirará o proxecto fotográfico de Ruth Matilda. A esencia especial que lle interesa vén moi marcada polo exotismo que lle suxeriron as xentes da España rural. Archer Milton pretendía documentar a cultura popular, a que el identificaba coa España orixinal. Pero especialmente quería captar aquilo que fora distintivo do pobo galego e que non se podía atopar noutro lugar (Saa, 2010: 44). A HSA consideraba que o avance da industrialización occidental remataría afectado ao modo de vida tradicional galego, polo que era preciso documentar ese estilo de vida *orixinal* antes de que desaparecera (Rodríguez-Saavedra, 2022: 70).

## 2. Ruth Matilda Anderson: formación, desenvolvemento e directrices

Para coñecer mellor o contido fotográfico de Ruth Matilda Anderson temos que remontarnos á súa formación e ás directrices que lle foran dadas antes de viaxar a Galicia. Ruth centrouse en captar aquilo que lle resultaba interesante seguindo o mandato da HSA, polo que é oportuno analizar que elementos captaron a súa atención e cales están ausentes nas súas fotografías.

### 2. 1 Traxectoria académica e ingreso na *Hispanic Society of America*

Ruth Matilda Anderson naceu en Cottonwood Farm, Nebraska, no ano 1893 e foi a máis vella de tres irmás das que o seu pai presumía por seren moi talentosas (Anderson *et al*, 1998: 15). O pai de Ruth tiña un obradoiro de fotografía polo que dende ben nova estivo en contacto con esta profesión. Era unha empresa familiar na que o pai realizaba as fotografías e a nai desenvolvía tarefas de contable e editora de imaxes mediante retoques. En 1911 matriculouse na Universidade do Estado de Nebraska en Lincoln, onde practicamente a metade dos estudantes eran mulleres (Anderson *et al*, 1998: 15). Antes de ir estudar á gran cidade, Ruth criárase no Medio Oeste estadounidense, un lugar de natureza agraria e rural que non distaba demasiado da Galicia á que ela viaxou, polo que a chegada a terras galegas non só foi unha viaxe que levou a Anderson a outro continente senón que tamén a transportou a súa infancia (Forcadela, 2011: 149). Con case vinte anos viaxa a Nova Iorque para estudar na prestixiosa Escola de Fotografía de Clarence Hudson White (Anderson *et al*, 1998: 15-16). O propio Clarence White foi o que instou a Ruth a ofertarse como candidata para o proxecto

que quería realizar Archer Milton Huntington en España. A condición para acceder ao posto era ser unha moza cristiá, requisito que ela cumpría (Anderson *et al*, 2009: 17-18).

Archer Milton só contrataba mulleres para o posto de conservación, porque cría que eran máis responsables no ámbito laboral e contaban cun maior compromiso (Rodríguez, 2022: 70). Ruth pasou a formar parte do grupo de Huntington en 1921, onde comezou a estudar castelán (Anderson *et al*, 1998: 16) coa intención de formarse para a súa próxima viaxe a España. Ata ese momento, Anderson traballaba como decoradora de interiores e cando ingresou na *Hispanic Society* pasou a ser fotógrafa do museo ata que foi nomeada conservadora de fotografía en 1922, uns meses antes de viaxar a España na súa primeira expedición (Anderson *et al*, 2009: 18).

## 2. 2 Directrices de Huntington para o seu traballo de campo en Galicia

Ruth debía captar todo aquilo que fora interesante para Huntington nas súas viaxes a España. Ademais das fotografías, Anderson debía tomar notas que complementaran as imaxes con información máis precisa. Huntington esixiu a Anderson que documentara os nomes das aldeas que fotografiaba, ao igual que os pobos ou cidades que estaban prété. Ademais, Ruth tiña que enviar fotografías a medida que as ía revelando para que Huntington lle dera o visto bo ou lle proporcionara algunha corrección (Pena, 2020: 93). Segundo estas pautas, Anderson elaborou unha ficha técnica de cada fotografía que estaba composta da súa localización precisa, data, hora e diferentes observacións que a fotógrafa consideraba relevantes (Pena, 2020: 93). A finalidade non só era ampliar o arquivo fotográfico da HSA, senón crear unha rede de información na que as notas tomadas durante o traballo de campo complementarían ás imaxes e ultimarían o seu significado.

Anderson debía enfocarse no rural, malia que tamén visitou as cidades galegas máis importantes. O interese de Huntington estaba fixado na cotidianidade do rural, en documentar as súas costumes, a vestimenta, as tradicións e todo aquilo que tivera que ver coa vida corrente que transcorría lonxe da modernización. Por iso o proxecto de Anderson foi máis alá da fotografía. É considerado un traballo etnográfico conformado por imaxes, notas con descripcións detalladas do lugar e as súas xentes, entrevistas cos locais e información sobre as diferentes costumes e rituais. Neste experimento Anderson debía introducirse na vida galega como unha máis, achegarse á xente para acadar a información máis relevante. Preparou unha

listaxe conformada por todos os elementos que debía captar divididos en diferentes seccións. Dividiu os elementos que tiña que fotografar nos relacionados co mar, a terra, o pobo, os traballos e os oficios, ademáis dos transportes, os traxes, os costumes, festas e ritos e as xentes. A partir deses grandes puntos foi abarcando diferentes ámbitos como as paisaxes, a cultura, a agricultura, as feiras, a pesca e mesmo a cidade (Anderson et al, 2009: 5). Xunto con todas esas normas establecidas por Huntington, tamén tiña que desenvolver un traballo de campo moi minucioso e sofisticado que complementou coa súa capacidade de interacción e o seu bo ollo para distinguir elementos que poderían ser de interese para o fundador da *Hispanic Society* e que non aparecían na listaxe.

### 2. 2. 2 Ausencias: visión selectiva e desinterese

As persoas pertencentes ás clases sociais máis altas non foron fotografiadas por Ruth, igual que ocorre coa burguesía e os intelectuais galeguistas, por non estar dentro dos obxectivos da estadounidense e das peticións da HSA. A ausencia dos intelectuais galegos e os burgueses é unha mostra do interese de Anderson por captar o popular por riba de todo e, sobre todo, por crear unha Galicia máis folklórica (Forcadela, 2011:162-164). Malia non ter interese polas clases altas e polos intelectuais galegos do momento, Ruth tivo contacto con algunhas personalidades recoñecidas da Galicia dos anos vinte. Entre eles atopábanse José Seijo Rubio, Vicente Martínez-Risco, Francisco Álvarez de Sotomayor ou Antón Losada Diéguez, que lle deron consellos e a guiaron na súa viaxe para adentrarse na Galicia que ela pretendía descubrir (Anderson *et al*, 2009: 64-65). Tamén se reuniu con José G. Otero Rúa, curmán de Ramón María del Valle-Inclán, que incluso lle entregou unha acuarela que o propio Castelao pintara e quería donar á HSA (Rodríguez-Saavedra, 2022: 71). Mentres as mulleres do rural son captadas realizando unha gran variedade de traballos e actividades, evidenciamos a ausencia das mulleres burguesas que habitaban na Coruña que visitou Anderson; isto é unha clara mostra da subalternidade da muller dentro da sociedade patriarcal do momento, malia tamén pode ser unha mostra dos privilexios que elas posuían en contraposición coas habitantes do agro.

A sociedade galega do rural é representada por Anderson como un pobo traballador ao mesmo tempo que colonizado. Fronte isto, a cidade é concebida como un núcleo que alberga os avances técnicos, industriais e constructivos mentres o rural é percibido como símbolo de atraso (Forcadela, 2011: 164). Como vemos, o urbano está relacionado co

progreso e, polo tanto, co futuro inmediato mentres o rural é a representación do vulgar e do pasado. Estas ausencias, ao ser contrastadas coas presenzas que interesaban á HSA, conforman unha idea moi interesante sobre o punto de vista e a perspectiva da persoas que está detrás da cámara e que, como historiadores, nos permite obter unha perspectiva analítica máis ampla (Anderson *et al*, 2009: 71).

### 2. 3 Formación previa de Anderson para o seu traballo etnográfico en Galicia

Ruth Matilda desenvolvera durante tres anos diversos experimentos fotográficos e desempeñara outras tarefas como a catalogación de libros mediante as fotografías que compoñían a súa portada antes de marchar a Galicia. Isto axudouna a gañar experiencia na técnica fotográfica e a comprender que o traballo que debía levar a cabo en Galicia era unha especie de experimento educativo (Pena, 2020: 91). Tamén comezou a estudar español para poder conversar cos locais, non só galegos, xa que tamén fixo viaxes a outros lugares de España como Asturias, as Castelas, Extremadura e Andalucía. Se ben é certo que Ruth chegou a España falando castelán, cabería facerse a pregunta seguinte: todos os habitantes da Galicia rural dos anos vinte falaban español? Se ben podían entendelo, non todos o falaban, o que podía chegar a ser unha traba comunicativa entre fotógrafa e fotografados. Por iso Anderson propúxose aprender tamén galego, para facer un traballo máis fiel de Galicia e promover unha comunicación máis real cos habitantes dos diferentes lugares que visitaba (Rodríguez, 2022: 70).

Richar Ford a mediados do século XIX xa fixera referencias á forma de falar dos galegos, deixando constancia de que empregaban unha lingua que se aproximaba máis ao portugués que ao español, sendo consciente de que a xente neste lugar falaba de forma diferente (March, 2011: 142). Aínda que Ruth non falaba galego si entendía algunhas palabras que escribía nas cartas a Huntington, este non sabía a que se estaba a referir (Saa, 2010: 43). O fundador da *Hispanic Society* pediu a Anderson que lle aclarara o significado de palabras como ‘longueiróns’ ou ‘ostritas’; que non formaban parte do seu vocabulario, pero si do de Ruth debido ao contexto no que se atopaba (Anderson *et al*, 2009: 38). O emprego destas verbas é lóxico xa que moitos dos locais non empregaban a palabra en español para referirse a determinadas cousas, só as denominaban co termo correspondente en galego.

Durante a súa preparación, Anderson lera algunhas das obras de Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán e incluso traduciu ao inglés diversos textos de ambas, creando así as primeiras versións inglesas deses escritos (Rodríguez-Saavedra, 2022: 71). Isto puido influir na súa percepción das mulleres galegas do rural porque tanto Emilia como Rosalía foron grandes defensoras do papel da muller dentro da sociedade e cultura galega. En Nova Iorque aprendeu sobre literatura española e estudou mapas da Península para poder trazar distintos itinerarios aos que denominou *Outlines* e que cumprían coas directrices impostas por Huntington de evitar as estradas máis concurridas e de afastarse dos grandes núcleos de poboación (Pena, 2020: 93).

### 3. Anderson en Galicia

Nos seguintes apartados veremos como Ruth Matilda aplicou o coñecemento adquirido en Nova Iorque e as complicacións coas que se atopou cando chegou a terras galegas. Estas viaxes foron o primeiro traballo de campo de Anderson que, malia ter levado a cabo unha exhausta formación en Nova Iorque, ao chegar a Galicia bateu cunha realidade que lle puxo moita pedras no camiño. A forma que tivo Ruth de facer fronte aos diversos contratemplos cos que se foi atopando fixo que creara unha metodoloxía fotográfica propia que mesmo aporta máis valor ao seu traballo.

#### 3.1 Viaxes a Galicia e traxectoria de Anderson na *Hispanic Society of America*

En 1922 Ruth Matilda foi ascendida a conservadora de fotografía na *Hispanic Society* e un ano despois viaxou por primeira vez a España. Nos anos seguintes visitou Galicia, Asturias, León e Extremadura, regresando da súa última viaxe en 1930 (Lenaghan, 2022: 111). Fixo dúas viaxes a Galicia entre 1924-1926 e cinco en total a España entre 1923-1930 (March, 2011: 129). Na primeira viaxe a terras galegas en 1924 estivo acompañada polo seu pai Alfred Theodore Anderson, que a aconsellou e axudou nalgúns dos contratemplos que sufriu. Alfred deixou constancia nos seus propios diarios dos problemas aos que a súa filla tivo que enfrontarse, e como o seu perfeccionismo xogoulle algunha mala pasada facéndoa crer que non estaba elaborando un traballo tan doado como agardaba. Na súa segunda viaxe en 1925 foi acompañada por unha compañeira fotógrafa, Francis Spalding. O diario *La Voz de la Verdad* documentou a visita de Anderson en marzo de 1926 dicindo que Miss Anderson, un ‘famoso arquitecto’, atopabase na cidade de Pontevedra. A confusión co seu xénero

podería deberse simplemente a un erro ortográfico ou tamén a unha percepción sexista na que os redactores do xornal darían por feito que quen se atopaba fotografando Galicia era un recoñecido home neiorquino. Tamén fan referencia a que Anderson xa recorrera outros lugares de Galicia e tiña como finalidade coñecer os valores artísticos e difundir a beleza galega na capital norteamericana.

En 1939 a HSA publicou a obra *Gallegan Provinces of Spain: Pontevedra and La Coruña*, composta por fotografías realizadas por ela nas súas viaxes. En 1954 foi nomeada Conservadora de Vestiario da *Hispanic Society*, posto que ocupou durante trinta anos ata a súa xubilación. O interese de Anderson polos diversos traxes rexionais españois está latente no seu traballo. Unha parte importante da súa labor fotográfica involucrou os diferetes vestidos, roupas, peiteados, aderezos e xoias, sentíndose moi atraída pola roupa feminina xa que contaba cunha variedade de elementos máis ampla que a masculina (Lenaghan, 2022: 111-112).

Ruth non foi a primeira muller viaxeira que se interesara de forma particular por Galicia. Houbo antes outras intelectuais que escolleron Galicia como destino e documentaron tradicións e costumes. Algunhas destas mulleres viaxeiras de finais do século XIX e comezos do XX deixaron constancia do que elas viron en Galicia e as súas xentes, pero tamén o que creron observar na mirada dos locais (March, 2011: 129). Esta interpretación da vida dos habitantes galegos tamén foi plasmada por Anderson, tanto nas súas fotografías como nos diarios complementarios. A profundidade na mirada destas viaxeiras contraponse coa dos seus predecesores masculinos porque cetráronse máis na reflexión, deixando apartado o carácter aventureiro e de autoimportancia presente dos seus compañeiros (March, 2011: 137).

Nas obras da Jane Lake xa nos atopamos con referencias documentais sobre as mulleres galegas onde anota os traballos feitos polas galegas de comezos de século (March, 2011: 139). A comunicación entre locais e viaxeiros era moi importante para poder comprender os costumes galegos. Pero máis que a comunicación, deberíamos falar da importancia do entendemento mediante a lingua. Mentres Ruth si se formou en castelán e algo de galego, outros visitantes non contaron con esa preparación. Iso fixo que as súas observacións foran menos profundas e atinadas (Anderson *et al*, 2009: 63). Estas mulleres viaxeiras contaban cunha formación similar á dos viaxeiros do seu tempo que tiñan un gran interese pola historia e a cultura, e preparábanse para o seu periplo lendo diferentes textos,

igual que fixo Ruth ao longo da súa formación en Nova Iorque (March, 2011: 135). Malia ter unha preparación previa, o traballo de Ruth é moito máis profundo e conta cun maior interese por descubrir todas as facetas que a terra galega lle ofertaba. Cabe mencionar que a Galicia visitada por Anderson non era a mesma na que estivera Huntington a finais do século XIX. Na década de 1920 a sociedade galega estaba nunha constante transformación que non está preto da imaxe estereotipada do fundador da *Hispanic Society*. A profundidade destas mudanzas que estaba a experimentar a Galicia dos anos vinte foi algo que puido pasar desapercibido para Anderson que seguía inmersa nese cliché da esquecida e atrasada Galicia rural (Anderson *et al*, 2009: 72).

### 3. 2 Que viu Ruth que non viron outros fotógrafos?

Anderson non foi a primeira persoa en fotografar a realidade da Galicia rural. Outros fotógrafos como Ksado, Pacheco, Ferrer e Pintos ocupáronse desa cuestión durante os anos vinte. De feito, a propia Anderson chegou a adquirir algunhas imaxes realizadas por estes fotógrafos locais (Anderson *et al*, 2009: 69). Porén, si foi a primeira fotógrafa foránea en documentar a Galicia rural, non só mediante a fotografía senón tamén co seu traballo etnográfico. De igual xeito que o panorama económico e social da Galicia dos anos vinte estaba mudando, o ámbito cultural tamén sufriu cambios. A Xeración Nós marcou indudablemente esta década e foi nestes anos cando se asentaron as bases institucionais e organizativas para impulsar a creación cultural mediante centros de investigación como o Seminario de Estudos Galegos, imprentas, revistas e xornais (Anderson *et al*, 2009: 69). O que viu ela foi ese exotismo que cautivou a Huntington facéndolle crer que os galegos e galegas dos anos vinte pertencían a outra época.

### 3. 3 Metodoloxía de campo desenvolvida por Ruth en Galicia

Ruth tivo que enfrontarse a determinados contratempos unha vez que pisou terras galegas. A súa formación previa aportoulle coñecemento, pero o traballo de campo unha vez estivo en Galicia demostroulle que tiña que adaptarse ás condicións e esixencias do lugar. A propia Ruth define o seu traballo como *vocación antropolóxica* na correspondencia que mantén con Huntington, remarcando así a esencia etnográfica que empapa a súa fotografía (Pena, 2020: 93). A súa forma de documentar é moi accesíbel e didáctica debido ao interese por deixar constancia de cada mínimo detalle das clases populares galegas, pero sempre baixo

as ordes da HSA (March, 2011: 139). Ruth fala da importancia da comprensión real do suxeito a fotografar, coa intención de captar dunha forma máis fiel a realidade que o rodea (Pena, 2020: 93). A súa labor de coñecemento dos locais superou o das outras viaxeiras porque estas non se tiveran achegado nin interesado tanto coma ela (March, 2011: 139). Ruth non fixo as típicas fotografías de estudo xa que a HSA non quería imaxes ornamentais ou forzadas; quería captar imaxes nas que estivera vivo o espírito do pobo galego, algo que Anderson conseguiu a través das escenas da vida cotiá (Saa, 2010: 45).

Porén, o feito de percibir a cotidianidade como algo común é relativo. Para os habitantes da Galicia rural era algo normal, mentres que para os membros da HSA era algo inédito xa que os costumes que a crean varían segundo a sociedade e a cultura que estemos a estudar. Ruth pretendeu integrarse na sociedade galega como unha local máis, o cal lle permitiu captar escenas que non foran fotografadas con anterioridade. Como as que suceden dentro das casas, consideradas como actividades cotiás e íntimas.



Alimentando ao cucho na cociña, O Corgo (Lugo)  
12 de xaneiro de 1925<sup>1</sup>

Na súa correspondencia con Huntington, este facía algún apunte ou corrección que perfeccionou o seu traballo. Como as fotografías realizadas ao oleiro na súa casas en Ramil, que contou con moitos eloxios por parte do fundador da HSA; este suxeriu que estaría ben coñecer o nome do artesán (Anderson *et al*, 2009: 36). Desta forma, mediante a información

---

<sup>1</sup> Extraída de Anderson *et al*, 2009: 133

que se enviaban por carta, Huntington foi valorando o traballo de Ruth e perfilando algunhas cuestións.

Dende a súa chegada a Galicia Ruth observou o terreno, conviviu e conversou cos habitantes, obtendo información sobre os costumes e as condicións de vida das que posteriormente informou ao fundador da *Hispanic Society* (Pena, 2020: 93). Así, o traballo de Anderson ía máis alá de fotografar. Por exemplo, se ben é certo que captou imaxes da pesca en Cangas, tamén o é que falou cos mariñeiros locais para acopiar información directa sobre este traballo: dende a súa obtención ata a súa venda no estranxeiro. Incluso testemuñas que parecen cómicas, como a dun mariñeiro que lle di que en febreiro os golfiños axudaban a pescar aos mariñeiros ao cercar o peixe, poden aportarnos información moi útil para comprender as diferentes técnicas empregadas nas nosas costas para poder subsistir (Anderson, 1992: 33).

Ruth Matilda miraba con curiosidade aos locais, pero os habitantes da Galicia dos anos vinte tamén a miraron a ela como alguén peculiar. Nas vilas e aldea era observada por persoas curiosas que tentaban descifrar que facía unha muller estranxeira fotografando zonas rurais (Saa, 2010: 47). Nunha visita de Anderson ao Monte Pindo ela mesma deixa constancia nas súas anotacións das miradas destes curiosos. Di que ela e o seu pai foran os primeiros americanos en chegar ao Pindo, alomenos dende o Neolítico, e que para os locais ver a unha muller estranxeira cargada con material fotográfico podería ter fomentado o sentimento dunha nova invasión. Estes comentarios teñen un ton humorístico pero tamén un punto imperialista, ao referirse a ela mesma como conquistadora representante do avance e modernidade, mentres os galegos eran os "salvaxes" conquistados que representan o atraso. Este pensamento remítenos ao decadente ideario do *darwinismo social* que aínda estaba latente na cultura anglosaxona. Esta percepción da outredade menos desenvolvida como "indíxenas" que precisaban axuda dos *salvadores brancos* estaba presente na mentalidade de Anderson, algo que podemos apreciar a través de anotacións como as da chegada ao Pindo. Pero Ruth tamén aproveitou ese sentimento de curiosidade que espertaba entre os locais; dicía que cando chegaban a un lugar, ao seu arredor xuntábase unha pequena multitude que os acompañaba durante o proceso fotográfico, xente que tamén era de gran utilidade como fonte de información (Anderson *et al*, 2009: 30). Por iso, lonxe de resultarlle molesta a presenza destas persoas foi un beneficio.

Anderson tamén tivo que facer fronte a contratemplos relacionados coa mala luz que había en determinados lugares debido ás nubes e a choiva. Os problemas co revelado das fotografías foron algo ao que tamén tivo que enfrontarse. As fotografías reveladas en branco e negro eran procesadas na primeira viaxe por ela e o seu pai en lugares escuros como armarios, cortellos, almacéns... (Vázquez, 2016: 25). Para poder revelar as fotografías tivo que traballar con produtos químicos que lle esixían unha gran precisión e un bo coñecemento da técnica (Anderson *et al*, 2009: 64). A propia Ruth deixou constancia dos inconvintes co revelado debido a que a luz entraba por demasiados ocos. Nun hotel ofertáronlle unha estancia tan pequena que apenas podía moverse e, finalmente, un cónsul norteamericano deixoulles empregar o seu cuarto de baño como lugar de revelado (Anderson, 1992: 32). Incluso o seu pai Alfred escribiu sobre estes contratemplos no seu diario constatando que a escasa luz facía difícil enfocar correctamente as fotografías e que crearon sistemas de luz improvisados para alumear determinados lugares, sobre todo interiores (Anderson *et al*, 2009: 32).

Anderson, ademáis de fotografar en branco e negro, tamén realizou imaxes a cor para captar os detalles, pero estas instantáneas non foron reveladas en Galicia. Por exemplo, fotografou en cor diversos traxes coa finalidade de poder apreciar os detalles cunha maior precisión, pero para iso debía enviar as placas a Nova Iorque para que foran procesadas nos estudos de revelado pertinentes (Vázquez, 2016: 25).

Tras enfrontarse á difícil tarefa de revelar en diferentes lugares e en condicións novas para elas, clasificaba e numeraba cada imaxe para logo anotar os detalles de como fora tomada e engadirlle a contextualización pertinente, apuntando a localización, a data, a hora e diferentes observacións de interese, para logo ser enviadas á HSA. Tendo en conta todo o procedemento levado a cabo por Anderson, podemos falar dun traballo fotoetnográfico: ademáis de tomar as fotografías levaba a cabo un proceso de análise previo e explicación posterior de cada imaxe (Anderson *et al*, 2009: 65-66).

A meirande parte das fotografías realizadas por Ruth son acompañadas dalgún tipo de comentario ou texto polo que completar o significado da imaxe resulta moito máis doado. Estes comentarios aportan máis información sobre a visión que os estraxeiros tiñan sobre os galegos, o que axudou a construír o concepto de *enxebre* creado pola Xeración Nós e que definía a galeguidade en contraposición ao termo *castizo* que fora creado pola Xeración do 98

(Forcadela, 2011: 148). A súa capacidade para empatizar cos protagonistas das fotografías podería ter raíces na súa procedencia xa que ela non naceu na gran cidade senón no medio oeste (Pena, 2020: 91). O nivel de detalle das descripcións feitas por Anderson nos seus diarios aportan información histórica máis aló das fotografías. Por exemplo explica a súa viaxe a Cangas detallando as rutas, os medios de transporte e incluso aos habitantes locais. Di que foron dende Berbés nun barco de vapor coa popa aberta, de onde colgaba unha rede redonda e marrón; tamén di que os mariñeiros que andaban polo peirao estaban descalzos, vestían con pantalóns de pana e as diferentes camisas de cada un contaban con todas as cores que se podían empregar como tinte (Anderson, 1992: 32).

Como xa se mencionou, o itinerario das viaxes viña determinado por temáticas que debía investigar e fotografar cada día, principalmente co obxectivo de retratar da forma máis natural posible aos galegos e tamén os lugares máis representativos de esa España xenuina (Pena, 2020: 92-93). As rutas foran decididas con anterioridade e durante a viaxe Anderson foi documentando practicamente toda a descripción do traxecto. Os transportes que empregaron, os camiños que seguiron, o tempo que lles levou chegar aos destino, etcétera. Ruth, nas súas viaxes a Galicia tanto co seu pai como coa súa compañeira, empregou medios de transporte como barcos, autobuses, vehículos particulares a motor ou mesmo carros de cabalos, facendo a pé as rutas que o precisaban (Anderson *et al*, 2009: 65).

A autoesixencia de Ruth quedou reflectida nos diarios do seu pai Alfred que, cando acompañara a Ruth na súa primeira viaxe, tamen tomara anotacións nas que deixaba claro a frustración da súa filla por non lograr os obxectivos que quería. E durante a segunda viaxe de Ruth ás terras galegas a súa necesidade de perfección non diminuíra. Nunha ocasión a súa compañeira Francis Spalding estaba delicada de saúde e Ruth díxolle que podía poñerse enferma cando remataran o traballo que tiñan que facer (Anderson *et al*, 2009: 26). Isto é unha mostra do implicada que estaba no seu traballo e a necesidade que tiña de que todo saíra como planeara.

A complicidade lograda por Ruth mediante esta forma de traballar é captada nas fotografías que amosan unha gran naturalidade (Pena, 2020: 94). Pero non por iso podemos esquecer que a fotografía non deixa de ser unha fonte tan predisposta á maleabilidade como outra calquera. Ademáis, a súa fotografía captou esa proposta romántica e folklorizante que tanto anhelaba Huntington e deixou constancia dese relato social da Galicia resistente á

modernización. A pesar do bo traballo feito por Ruth en Galicia é preciso empregar á análise crítica coas biografías que pretenden encumbrar a este tipo de personaxes para facernos crer que protagonizaron unha labor mesmo heróica para a cultura galega (Rúa, 2004: 54). Este discurso retoma o tópico do salvador estranxeiro que se achegaba ás terras salvaxes a documentar e valorar elementos que os propios locais non consideraban importantes. É preciso ter en conta que a retórica da imaxe fai referencia á persuasión dos espectadores de xeito máis ou menos inesperado para que interpreten o obxecto visual da forma que o artista pretende (Burke, 2005: 229). O feito de captar uns elementos e suprimir outros tamén está proporcionando unha mensaxe. Ese interese pola Galicia rural que omite a modernización e a industrialización, tentando amosar unha terra máis pura e incorrupta, está a transmitir unha idea de atraso e incluso "salvaxismo" que resultaba atractiva dentro dos círculos sociais intelectuais que aínda estaban moi condicionados pola filosofía do *darwinismo social*, como xa indicamos. Desta forma, contribúe na creación dunha imaxe tradicional de Galicia ao enfocarse en determinados aspectos da súa sociedade e cultura e suprimir outros como a industria conserveira e naval (Forcadela, 2011: 155). Por iso é preciso non só observar o que se capta senón tamén o que se omite e, sobre todo, estudar o por qué.

#### 3. 4 A mirada de Ruth sobre Galicia

Peter Burke dinos que, cando a fotógrafa non pertence á cultura que fotografía, esa distancia social e cultural está especialmente acentuada, sendo os estereotipos que se teñen sobre *o outro* un obxecto de análise moi interesante (2005: 153-155). Ás veces a mirada representa unha atitude mental previa cargada de estereotipos dos cales o espectador pode non ser consciente nun primeiro momento. O psicoanalista francés Jacques Lacan empregou o termo *mirada* para denominar o que antes era coñecido como 'punto de vista' (Burke, 2005: 158). Cando nos referimos ao punto de vista de alguén, claramente estamos a facer alusión á súa forma particular de ver as cousas. Pero cando empregamos o termo *mirada* o significado dilúese e faise máis sutil, aínda que a esencia é a mesma. Estamos a falar dun condicionamento da maneira de captar determinada escena que vén dado pola persoa que realiza a fotografía. A modernidade representada pola propia Ruth ten un sentido narcisista en relación a que ela provén dunha sociedade considerada máis avanzada mentres os galegos dos anos vinte parecen ter quedado atrapados nunha especie de pasado atemporal que resulta atractivo para os intelectuais estranxeiros (Forcadela, 2011: 163). Nese senso, Anderson é constructora de tradición pero tamén de modernidade xa que ela mesma, xunto coas súa

tecnoloxía fotográfica, as formación profesional e mesmo a estranxería, convértese nun símbolo de actualidade e innovación. O que capta a cámara de Ruth non dista demasiado dos debuxos que compoñen a obra gráfica de Castelao, só que o rianxeiro si que repara na lamentación dos labregos, na humillación e na pobreza dos galegos facendo unha crítica ás inxustizas (Forcadela, 2011: 155). Anderson captou unha España atemporal composta de pequenas aldeas e rexións rurais, con industrias locais, mercados, festas, ritos relixiosos e eventos cotiás que emanaban unha tranquilidade sinxela que foi representada cun gran naturalismo, cumprindo coas peticións feitas por Huntington (Lenaghan, 2022: 112).

Non sería prudente atribuir unha mirada inocente aos artistas-reporteiros, entendendo esa inocencia como unha actitude obxectiva e libre de prexuízos porque tamén reflicten o punto de vista do autor. O fotógrafo estadounidense Lewis Hine dixo: “Malia que as fotos non minten, os mentireiros poden facer fotos” (Burke, 2005: 24-25). Nas primeiras cintas cinematográficas da historia podemos atopar escenas tan aparentemente libres de ‘mentiras’ como a dos obreiros saíndo da fábrica, dos irmáns Lumière. Pero con esta sentenza non estamos desmerecendo a eses directores senón que pretendemos demostrar que ata en escenas que, aparentemente, son verídicas na súa totalidade e non están amañadas, tamén hai trucos. A escena repetiuse máis dunha vez e mandouse aos obreiros saír todo o rápido que puideran para evitar que se rematara toda a cinta de celuloide. Malia amosar unha realidade ‘trucada’ non significa que ese tipo de imaxes non poidan ser empregadas polos historiadores para o seu estudo. Pode extraerse información interesante relacionada coas persoas que traballaban, as súas roupas e incluso o funcionamento da propia fábrica. Nos anos vinte nace unha expresión que fai alusión á calidez da cámara en referencia á falta de maldade e á inocencia dalgunhas fotografías, pero a cámara sempre é utilizada por unha persoa e, segundo nos di Peter Burke (2005), ‘algunhas (miradas) son máis cándidas que outras’.

Pero tamén hai autoras que defenden que Ruth non xulgou a ausencia de modernidade senón que parecía comprender as duras condicións de vida dos galegos e galegas do rural (Pena, 20020: 91). Pero ata que punto iso é así? Se ben é certo que non hai unha crítica literal, iso non significa que o seu traballo fora realizado sen ningún tipo de xuízo, ou máis ben, prexuízo. As ideas preconcebidas sobre os habitantes do rural podían estar presentes na súa mirada, o cal é algo normal. Ela procedía dunha cultura e sociedade moi diferente á que se atopa na periferia galega. Por iso sería algo común que tivera unha concepción peculiar dos seus costumes e xentes. Como historiadores non podemos xulgar os prexuízos que se atopan

tras a súa mirada xa que son algo normal que debemos analizar para comprendelos. O traballo de Ruth resposta máis a unha procura do tópicos que Huntington anhelaba e non tanto a unha vontade de descuberta, malia que a súa recollida de información tamén é de utilidade para a análise histórica (Anderson *et al*, 2009: 70).

### 3. 4. 1 Os estereotipos que alberga a mirada

As persoas retratadas poden estar miradas dende un punto de vista máis ou menos distante, empático, satírico, cariñoso, despectivo ou mesmo cómico; é o executor da fotografía o que decide, mediante o seu ángulo de visión, dende que prisma nos conta a historia (Burke, 2005: 152). Cando se produce o contacto entre dúas culturas é probable que cada unha teña unha imaxe previa da outra. A esta imaxe ou concepción coñecémola como estereotipo. Este termo fai alusión ao vínculo entre a imaxe visual e a idea mental que se ten sobre a xente de determinado lugar, a súa cultura e os seus costumes. Esta concepción non ten por que ser totalmente falsa, a miúdo ten unha base real pero esaxerada que distingue determinados elementos e suprime outros (Burke, 2005: 158). Estes estereotipos están moi ligados ao concepto de mirada xa que é nela onde residen estes prexuízos. Como historiadores non podemos esquecer as inclinacións do creador da imaxe porque tanto pode idealizar unha realidade como satirizala (Burke, 2005: 239).

Galicia tiña as súas propias tradicións respecto ao resto de España, algo que tamén choca coa realidade social e cultural destas viaxeiras anglosaxonas que se sentían atraídas pola curiosidade que lle proporcionaban estes pobos tan alleos ás prácticas imperiais (March, 2011: 129). A nena leiteira fotografada por Anderson en Noia xa chamara a atención de Luís Seoane, e actualmente forma parte dunha iconografía que conforma Galicia como un lugar atrasado, humilde e probe pero tenro (Rúa, 2004: 59). Con isto podemos ver como algo tan aparentemente inocente e libre de sesgos como a fotografía pode chegar a crear unha imaxe concreta no imaxinario popular da sociedade que é fotografada.



Meniña levando o leite, Noia (A Coruña)  
27-29 de outubro de 1924<sup>2</sup>

Algúns estereotipos poden ser recoñecidos como positivos, caso do *salvaxe noble*, ou negativos porque fan referencia a determinadas culturas concebidas como *razas monstruosas*, xa sexa polo seu aspecto físico diferente ou polos seus costumes (Burke, 2005: 159). Esta concepción do outro está presente nas interaccións entre diferentes culturas, polo que os procesos de colonización son importantes na construción de determinadas imaxes. A mirada do pobo colonizador cara os colonizados é estereotipada e cargada de prexuízos que os infravaloran sobre todo por ser consideradas sociedades pouco desenvolvidas. Segundo a perspectiva dos grandes imperios que se resgardan na modernización e na civilización, os habitantes que compoñen os diversos pobos indíxenas, pola falta de progreso no seu lugar de orixe e o mantemento de costumes consideradas subdesenvolvidas, en ocasións nin os perciben como seres humanos. Porén, este rexeitamento cara a *outredade arcaica* comeza a tornar nalgo atractivo unha vez a modernización arrasou coa meirande parte destes pobos, xa que cada vez se parecen máis ás metrópole por ter asimilado parte dos seus costumes.

A finais do século XIX e comezos do XX hai unha romantización e admiración do arcaico, mesmo da miseria ou da pobreza. As imaxes aportan o testemuño da interiorización de diversos estereotipos sociais e culturais, do mesmo xeito que aporta información relevante sobre a forma de ver o mundo por parte dun determinado grupo de individuos. As imaxes de culturas alleas á do artista poden ser irreais e estar cheas de prexuízos, pero precisamente é iso o que resulta un testemuño moi interesante para a análise histórica (Burke, 2005:

---

<sup>2</sup> Extraído de Anderson *et al*, 2009: 394

230-236). É preciso indagar sobre cales eran os prexuízos, de onde viñan, a que grupo social e cultural pertencían ou por que foron creados. Moitas desas cuestións poden obter respostas grazas á fotografía. Isto resulta realmente interesante, os prexuízos son algo do que o fotógrafo nin sequera se percata á hora de realizar as instantáneas, pero que nós coma historiadores temos presente porque axuda a reconstruír unha historia social máis certa.

No momento no que un fotógrafo selecciona unha temática concreta para fotografar, comeza a traballar sobre a base dunha actitude sesgada (Burke, 2005: 27). As imaxes poden ser claramente mudas, pero tamén ter o obxectivo de comunicar algo. Panofsky, creador dun método de análise das imaxes, defendía que estas formaban parte dunha cultura concreta e que non podían entenderse ao completo sen ter en conta o seu contexto cultural. As imaxes a miúdo foron empregadas como obxectos de culto ou adoutramento (Burke, 2005: 43-60). Como historiadores é interesante analizar por que se tenta empregar este medio visual como un elemento importante no control, manipulación e persuasión.

É preciso tamén ter en conta que o analfabetismo estaba presente na meirande parte das sociedades rurais da primeira metade do século pasado polo que as imaxes actuaban como medios visuais moito máis achegados á poboación que os textos. Autoras como María Saa (2010) defenden que Ruth fuxiu dos estereotipos e, malia captar a pobreza nas súas fotografías, non se recreou nela. Segundo a autora, Anderson mantivo unha *actitude desprexuízada* durante as súas viaxes en Galicia, ni sequera atopamos queixas nas súas notas sobre a falta de comodidades. Neste senso é preciso ter en conta que non hai que glorificar a ningún personaxe por non queixarse do atraso do país no que está traballando; Anderson era moi correcta desempeñando as súas labores e foi consciente de que estaba en Galicia para traballar e cumprir coas directrices que lle foran impostas pola HSA. Non xulgar a falta de comodidades non é algo que determine se o seu traballo é mellor ou peor xa que, se o tivera feito, o resultado da súa labor en Galicia seguiría sendo igual de importante. A enxebriedade na mirada de Ruth non é unha novidade para aqueles que escribían sobre Galicia con anterioridade ou mesmo a fotografaran. O que si podemos distinguir en Anderson é a diferenza clara entre fotógrafa e fotografadas, propia do mundo estadounidense do momento no que emanaba unha grande modernidade ao terse convertido na primeira potencia mundial (Forcadela, 2011: 148). Tendo en conta a posible e común presenza destes estereotipos os historiadores vémonos na obriga de ler entre liñas, tentando atopar detalles importantes e

empregalos como fíos dos que tirar por insignificantes que sexa, coa finalidade de obter información da que nin a propia artista era consciente (Burke, 2005: 240).

### 3. 4. 2 A *mirada* que se agocha tras a *vista*

Segundo a Real Academia Galega o termo *ver* fai referencia a percibir algo polos ollos mentres *mirar* significa fixar de forma intencionada a vista. Cando *vemos* estamos empregando o sentido da *vista* pero cando *miramos* estamos a aplicalo en algo concreto (un obxecto, unha paisaxe, unha persoa...). Mirar implica profundidade, pero tamén reflexión e xuízo. Mentres o corpo é o que ve, o pensamento é o que mira. É por iso que podemos entender o *ver* como algo natural, mentres que a *mirada* está condicionada polo ámbito social, especialmente pola cultura (Forcadela, 2011: 150). Manuel Forcadela advirte sobre os catro vectores posibles na relación entre *ver* e *mirar*, tendo en conta os prexuízos e estereotipos xa que, moitas veces, poden chegar a cegar tanto que non permiten ver a realidade. Hai que ter en conta que *a cámara ve e o fotógrafo mira* (Forcadela, 2011: 154).

As fotografías de Ruth poden destacar por diversas razóns, xa sexa polo seu traballo etnográfico, pola composición equilibrada ou mesmo porque fan que como espectadores sintamos unha proximidade coas persoas retratadas. Isto indica o bo traballo feito en canto a retratar ás persoas dunha forma naturalista e mesmo etnográfica; pero tamén algo máis sinxelo como é a empatía co cotiá (Saa, 2010: 43). Esta proximidade tamén podemos sentila debido ao interese da fotógrafa polas escenas cotiáns, aqueles que poden facer que nos resulten familiares diversos elementos como ferramentas, traxes, costumes, etc. Elementos cos que algúns habitantes da Galicia rural medraron ou coñeceron grazas aos seus devanceiros máis próximos.

A importancia da súa contribución fotográfica é innegábel e a súa labor é relevante para comprender o papel que ocupan as mulleres na cultura galega, pero non hai que esquecer o papel que ocupa a mirada (Rúa, 2004: 59). Como espectadores non podemos obviar que a fotografía tamén pode ser unha arte ficcional, sobre todo se temos en conta que capta elementos reais pero suprime outros ao seu antollo e segundo os seus intereses (Forcadela, 2011: 164). A cámara aporta unha visión concreta e recortada, pode enfocar ou desenfocar, captar máis luz ou menos... para que a fotografía se convirta en arte precisa a ollada do fotógrafo (Forcadela, 2011: 154).

#### 4. Importancia da fotografía nos estudos de xénero

Como xa vimos hai información que só pode proporcionarnos a fotografía. Un dos puntos principais desta investigación é coñecer e analizar os traballos feitos polas mulleres fotografadas por Anderson. Neste senso vemos como a información que nos é ocultada noutras fontes pode ser moi clara mediante a análise fotográfica. Nos seguintes apartados falaremos sobre a importancia da imaxe, as súas utilidades para as investigacións históricas e historiográficas e as advertencias a ter en conta á hora de analizalas.

##### 4. 1 Utilidades da fotografía como fonte histórica e historiográfica

Hai problemas históricos que as imaxes poden axudarnos a resolver como por exemplo as ocupacións da muller, silenciadas nas fontes documentais pero presentes na fotografía. Para designar as imaxes da vida cotiá, especialmente da xente de niveis baixos, nos Estados Unidos da década de 1930 acuñouse o termo ‘fotografía documental’, algo que posteriormente o fotógrafo Lewis Hine denominou ‘fotografía social’ (Burke, 2005: 26). O fotógrafo estadounidense falaba da ‘fotografía documental’ como aquela que podía resultar de interese para os historiadores pola súa capacidade de captar elementos relevantes a nivel social e cultural porque rexistra un instante concreto da sociedade (Burke, 2005: 129). As imaxes poden aportar información sobre diferentes formas de ver a realidade: a visión dos homes sobre as mulleres, das mulleres sobre outras mulleres ou inclusive das mulleres sobre si mesmas. De igual forma que axuda a comprender a percepción da burguesía sobre o campesiñado e viceversa.

O testemuño que aportan un conxunto de fotografías é máis fiable que unha imaxe individual porque entre elas complementan e completan a información (Burke, 2005: 239). O que se omite nunhas pode estar presente noutras. Para algúns etnólogos e antropólogos indagar nas fotografías permítie a análise de aspectos sociais e culturais como tradicións e comportamentos (Soutelo, 2005: 45). As imaxes de Ruth Matilda sobre estas mulleres permítenos analizar non só a súa historia senón tamén a memoria, ademáis de aportarnos información moi interesante sobre os comportamentos, os roles de xénero e os valores sociais. Estas fotografías poden aportar información relevante sobre determinados eventos, ritos e normas sociais da vida cotiá da xente galega de a pé.

#### 4. 1. 1 Antropoloxía da imaxe

A antropoloxía histórica das imaxes tenta reconstruír os párametros e as normas que determinan a interpretación das imaxes dentro dunha cultura concreta. Polo mesmo e dende a actualidade, as fotografías de Ruth non son percibidas por nós da mesma forma que o foron polos seus coetáneos. As imaxes non responden soamente a unha realidade social concreta nin a uns códigos visuais determinados, senón que aí unha gran variedade de elementos que se atopan entre cada un deses extremos (Burke, 2005: 229-230). A fotografía non representa tanto a realidade como unha lectura da mesma (Forcadela, 2011: 155). Avisa unha mirada atemporal fronte o carácter temporal que nos presta a visión. As imaxes poden aportarnos información moi interesante sobre a historia das mentalidades, do corpo, da cultura material, das tendencias económicas e as estruturas sociais, pero tamén sobre a historia da vida cotiá. As imaxes poden ser testemuñas de algo. Pero como nos di Peter Burke: son testemuñas mudas, polo que a miúdo resulta difícil describir con palabras a información que nos aportan. Tras séculos empregando a pintura para captar a realidade, coa invención da fotografía a obra cambia de carácter porque se entende que reflicte a realidade tal e como é (Burke, 2005: 22).

Hai autores que comparten o pensamento de que as fotografías non son un testemuño da Historia senón que elas mesmas son un elemento histórico. Para outros, a fotografía é as dúas cousas, una fonte subxectiva de igual forma que o son todas as fontes primarias. Como historiadores sabemos que moitas fontes tentan enganarnos e nós temos que averiguar por que queren facelo. Nas últimas décadas do século XX houbo un debate entre historiadores que disputan cal é a fonte máis obxectiva e verídica, enfrontando as fontes documentais coas visuais, cando realmente todas as fontes teñen algún compoñente obxectivo e subxectivo. O que ocorre coas fontes, tanto documentais como visuais, é que foron feitas por seres humanos que contaban cun pensamento e mirada sesgados, e ese sesgo é moi interesante de estudar para a historiografía. A relación entre fotografía e cultura é clara, pero para poder afondar de forma máis precisa temos que saber como analizala. A testemuña das imaxes resulta máis fiable cando nos aportan información que incluso o autor ou autora das mesmas descoñece (Burke, 2005: 39).

#### 4 . 1. 1. 1 Críticas ao *Método Panofsky* e a necesidade da perspectiva de xénero na análise fotográfica

Erwin Panofsky distingue entre tres niveis de interpretación das imaxes: preiconográfico, iconográfico e iconolóxico. A primeira fase consiste en facer unha descripción superficial do que se amosa na imaxe; a segunda relaciona a primeira co significado convencional que teñen os elementos representados; e a terceira profundiza na análise intrínseca. O terceiro nivel é o que proporciona aos historiadores un testemuño de utilidade para o estudo (Burke, 2005: 45). Pero Peter Burke critica este método alegando que pode chegar a ser moi específico e estricto nalgúns aspectos e demasiado vago noutros. Ademais, crear unhas regras xerais para a análise dun ámbito tan amplo como son as imaxes pode traer consigo problemas de interpretación. Cada imaxe, malia poder estar vinculada a unha cultura concreta e a un contexto histórico máis xeral, ten os seus propios códigos. Panofsky neste análise artístico das imaxes non deu conta da crítica social e, se ben é certo que o contexto histórico é importante, o ámbito social concreto pode chegar a ser máis relevante que a análise cultural e política xeral.

As historiadoras da arte Griselda Pollock e Linda Nochlin crearon un método para ler as imaxes dende un punto de vista feminista no que se fai unha análise social tendo en conta o sexo, tanto dos artistas como dos representados (Burke, 2005: 227-228). Non se pode obviar a importancia do xénero na análise fotográfica, de igual forma que non se pode apartar a cuestión da clase social porque cada xénero, ao igual que cada clase, atende a realidades e parámetros diferentes.

Por outra banda, o método desenvolvido por diversas investigadoras, como Luisa Muñoz ou Carmen Sarasúa, para poder reconstruír unha historia máis achegada á realidade pasada sobre a participación laboral feminina componse de varios pasos. O primeiro que hai que facer é establecer unha crítica das fontes oficiais para logo identificar que documentos poden ser empregados para establecer unha estimación alternativa da actividade feminina, e analizar en profundidade eses documentos extraoficiais para aproximarnos á realidade económica feminina (Humphries e Sarasúa, 2012: 50). Esta análise pode ser de gran utilidade á hora de analizar imaxes que reflectan o traballo feminino.

#### 4. 2 Ausencia das mulleres nas fontes: a importancia da fotografía

A ausencia das mulleres nas fontes documentais fixo que os historiadores contemporáneos empregaran a fotografía como un medio relevante para a obtención de información. O silencio referente á vida das mulleres nos períodos anteriores á invención da fotografía fixo que os historiadores recorreran a aquelas imaxes nas que as mulleres eran representadas realizando algún tipo de actividade (Burke, 2005: 135).

Hai unha clara escaseza de investigacións sobre o papel das mulleres labregas dentro das familias (Soutelo, 2005: 11). Á historiadora de orixe austríaco Gerda Lerner xa lle resultara sorprendente a finais da década de 1970 esta ausencia case total de mulleres na memoria colectiva de diferentes países (Rodríguez-Saavedra, 2022: 73). Isto é unha mostra da realidade patriarcal do século pasado que deixou ás mulleres relegadas ao plano íntimo e personal, sen deixar constancia das súas actividades por consideralas irrelevantes ou carentes de interese. Esta concepción do feminino como algo sen importancia estivo presente en toda a sociedade.

Porén, si houbo mulleres que expuxeron a súa realidade mediante medios como a literatura. Pero para poder realizar esta exposición era preciso contar cun status social determinado que permitira que as mulleres adquiriran coñecemento sobre diferentes ámbitos como a historia, a literatura, a cultura e a sociedade, e que contaran con cunha posición social e económica que lles permitiran facer públicos eses traballos. Moitas mulleres dos estratos sociais máis altos foron suprimidas da historia e as súas vidas e proxectos están sendo retomados na actualidade mediante estudos historiográficos. Se esta exclusión estivo presente nas mulleres das clases sociais máis elevadas, o descoñecemento das mulleres do rural é moito maior.

Hai un maior interese por desenvolver estudos de xénero no ámbito urbano e cando se produce un achegamento á historia económica relacionada coas mulleres do agro, faise mediante fontes cuantitativas como padróns ou censos que, debido á ausencia de constancia dos traballos femininos, non nos aporta unha información completa do pasado (Ortega e Cabana, 2021: 22). É lóxico buscar información nestas fontes xa que, malia que a presenza das mulleres é mínima ou inexistente, isto tamén aporta información interesante. Averiguar por que non hai interese nas mulleres do rural tamén é un traballo de interese.

Esta falta de información relacionada coas ocupacións femininas nas fontes cuantitativas non é un problema se se desenvolve unha boa crítica que aplique as correccións necesarias para achegarnos a unha testemuña o máis achegada á realidade posible. Teresa Ortega López realizou diversos traballos de investigación onde se promove a inclusión das mulleres na Historia Agraria expoñéndoas como protagonistas relevantes do pasado rural (Ortega e Cabana, 2021: 24). Autoras como Muñoz, Taboada e Verdugo, no seu artigo *Condicionantes de la actividad femenina en la Galicia de mediados del siglo XIX* (2015), estableceron correccións para poder solventar o problema da ausencia feminina nas fontes cuantitativas.

Pero por que as mulleres quedaron fóra dos rexistros cuantitativos? Porque formar parte deles implica recoñecemento e ese concepto foi demasiado monopolizado polos homes como para compartilo. É por elo que os investigadores tiveron que recorrer a outro tipo de fontes alternativas como rexistros industriais de fábricas concretas ou establecer correccións para analizar as fontes documentais. Os homes monopolizaron o recoñecemento do traballo durante boa parte da Historia, deixando fóra dos conteos ás mulleres, malia ser conscientes de que elas tamén realizaban moitos traballos (Humphries e Sarasúa, 2012: 44-45). Pero estes traballos femininos non eran recoñecidos como tal senón máis ben como unha axuda. Moitas veces as labores levadas a cabo polas mulleres eran as mesmas que as realizadas polos homes, pero aínda así esta intervención feminina era concebida como un reforzo e non como unha acción importante.

##### 5. A Galicia rural dos *marabillosos anos vinte*

Para poder coñecer mellor o contexto no que se desenvolve esta investigación é preciso centrarse na realidade da Galicia na década de 1920 facendo fincapé no ámbito social e cultural, aquel que aportará información relevante á hora de investigar sobre o papel das mulleres dentro da comunidade. A historia das mulleres non é unha peculiaridade dalgúns e algunhas investigadoras senón que é a resposta á necesidade de elaborar unha historia máis real e fiable (Freire, 1993: 7). Contra o pensamento de todos aqueles que deixan seguir medrando na súa mente diversos condicionantes sexistas, non é a historia das mulleres a que está sesgada senón unha historia onde elas non aparecen.

Non se pode facer unha historia real e fiable sen ter en conta o 50% da poboación. Este estudo céntrase na realidade da Galicia rural da década de 1920, polo que é necesario coñecer o funcionamento económico e as dinámicas sociais. A través da mirada de Ruth atopamos unha Galicia atrasada e aínda moi ruralizada. As fotografías de Anderson referentes á vida agraria amosan elementos tradicionais como arados romanos, mulleres debullando o millo ou homes mallando nas eiras, pero non se amosan as máquinas de debullar a motor ou os primeiros arados de ferro Ajuria. Isto é comprensible porque as directrices impartidas pola HSA eran claras á hora de centrarse na cultura galega tradicional e deixando de lado a modernidade. Porén, estas imaxes que amosan o rural galego e indirectamente o relacionan co atraso non están a captar os cambios que ocorreron durante estes anos. Na década de 1920 tiveron lugar unha gran cantidade de avances relacionados co agrarismo e as innovacións técnicas no campo. Estas pequenas melloras no rural pasaron desapercibidas para o ollo experimentado de Anderson.

O agro galego durante os anos vinte mudou nunha ampla variedade de aspectos. Os antigos foreiros convertéronse en pequenos propietarios e a política agraria que promulgou a redención dos foros en xuño de 1926 pon o foco na problemática foral (Anderson et al, 2009: 75-76). Aqueles emigrados que retornaran con cartos do seu traballo, ansiaban ser propietarios da terra, polo que estas novidades son de gran importancia. Ademais comézase a desenvolver un agrarismo máis organizado. As protestas antifiscais, a loita contra o servizo militar e a redención foral foron grandes detonantes para a organización dunha acción agraria colectiva (Fernández *et al*, 1997: 182-183).

Os labregos e labregas protagonizaron moitos cambios que produciron unha modernización do rural. Crearon un agrarismo organizado, adaptaron a agricultura galega á demanda do mercado español mediante a especialización da súa produción e introduciron novos cultivos e razas gandeiras, cuxa produción aumentou e mellorou pola mecanización da agricultura e a gandería (Anderson et al, 2009: 76). Houbo sociedades agrarias que se organizaron para escapar do control fiscal na venda do gando (Fernández *et al*, 1997: 185). Dous terzos da poboación activa da década dos anos vinte ocupaba o sector primario polo que, malia os avances, Galicia segue a ter un forte peso rural pero cunha situación máis moderna que a comezos de século (Anderson et al, 2009: 77).

## 5. 1 Importancia da microhistoria e os estudos locais

Para poder realizar esta investigación é importante estudar os espazos onde se desenvolvían as actividades que imos analizar. A aldea e a parroquia eran as unidades espaciais onde tiñan lugar as relacións sociais máis próximas que viñan dadas por unha tradición ancestral (Soutelo, 2005: 33). A Historia dos Annais é un bo exemplo de recuperación da historia comarcal como espazo relevante de estudo (Agirreazkuenaga *et al*, 1996: 64). É preciso definir os conceptos de comarca, aldea ou parroquia xa que dependendo do espazo delimitado imos atopar unhas aportacións ou outras. Neste estudo, debido á variedade de lugares onde se realizaron as fotografías, non podemos cinguirnos a un espazo concreto senón tentar, mediante o estudo local, establecer uns parámetros que poidan adaptarse á Galicia rural da década de 1920, concretamente nas provincias de Pontevedra e A Coruña. Hai que ter en conta que o espazo que agora denominamos como ‘rural galego’ era un *microcosmos vital* de diferentes individuos identificados coas *casas*, parroquias e aldeas (Soutelo, 2005: 33) nas que vivían as familias *das que viñan sendo*. Neste espazo era onde se levaban a cabo as relacións sociais, nas que cada habitante, segundo o seu xénero e clase, ocupaba o seu papel.

## 6. As mulleres no rural a través do obxectivo de Ruth Matilda Anderson

O traballo de Ruth foi moi importante para reconstruír, en imaxes, unha historia da Galicia rural onde cobra importancia a visión antropolóxica. Anderson chegou a terras galegas na procura da cultura tradicional, especialmente a vestimenta popular e o traballo das mulleres captaron a súa atención dende que chegou (Anderson *et al*, 2009: 71). Podemos ver a curiosidade polo traballo feminino no rural galego en boa parte das fotografías de mulleres que realizou. Imaxes de mulleres levando na cabeza unha gran variedade de produtos como leiteiras, cartas, cuncas de barro, cestos con algas ou hortalizas; isto amosa a curiosidade de Anderson por esta modalidade de transporte. A figura da muller porteadora foi algo moi que lle resultou moi característico de Galicia, polo que a fotógrafa inmortalizou esa forma tan peculiar de transportar diversos elementos. Alfred Anderson escribiu a súa inquietude sobre a capacidade das galegas de portar diversos elementos nas súas testas. Expresou que as cabezas destas mulleres debían de estar feitas dalgún material especial; só un pano en forma de ‘salchicha’ as separa dunha carga tan pesada coma un cesto ou unha leiteira de ferro (Anderson *et al*, 2009: 443).

Moitas das fotografías realizadas por Ruth contan cunha composición determinada por ela. Non todas as imaxes son tan espontáneas como parecen. Por exemplo, as tres imaxes escollidas para a súa análise neste traballo contan cunha pose concreta das protagonistas. Que non sexan posturas demasiado artificiais non significa que sexan realistas malia que reflectan naturalidade. A composición foi algo que preocupou moito a Ruth. Na súa presenza en Muros o día 1 de novembro de 1924 o seu pai anotou no diario a tristeza e o pranto da súa filla por non atopar as composicións tan fermosas que sabía que se atopaban en España (Anderson *et al*, 2009: 439). Pode estar a falar das paisaxes ou da distribución de diferentes elementos no espazo. Pero a composición tamén pode aplicarse ás persoas, e ela xogou moito con ese factor, creando imaxes harmónicas sen perder a esencia naturalista.

”Ruth Matilda Anderson atopou unha Galicia de mulleres (...) e rescatou as galegas do esquecemento na memoria colectiva do noso país” (Rodríguez-Saavedra, 2022: 70). Mentres as mulleres da Galicia rural eran esquecidas das fontes documentais, as fotografías de Ruth déronlle un lugar dentro da historia do noso país. Na súa obra Ruth racha co silencio das mulleres do rural galego e, malia que non fora a súa intención principal, pon en valor unha historia de Galicia en feminino, evidenciando que é preciso unha relectura do pasado onde se teña en conta o papel das nosas devanceiras (Rodríguez-Saavedra, 2022: 73).

Nos séculos XVIII e XIX o campesiño comezou a ser idealizado, pasando de ser concebido como un ”salvaxe” a ser ”ennoblecido”. Ao igual que ocorreu cos pintores orientalistas, a mirada do artista pasaría de ser grotesca e idealizante, a estar interesada por unha representación máis veraz das súas costumes e indumentarias (Burke, 2005: 174). Así falamos dun traballo máis etnográfico que deformado polos estereotipos. Isto non quer dicir que estes traballos etnográficos carezan de todo tipo de prexuízo, porén si que hai unha tentativa de ser máis fieis á realidade e achegarse á cultura dos outros. Este cambio na percepción da figura do outro está presente na fotografía e aporta información moi interesante sobre ese encontro cultural. A imaxe non só é unha testemuña do fotografiado senón do que o fotógrafo ve (ou cre ver) nel.

## 6. 1 As mulleres no ámbito doméstico

Podemos entender a *casa* como a unidade básica de reprodución social das persoas. No rural, moitas delas contaban cun pequeno terreno anexionado e vencellado a elas que tiña

a función principal de garantir a alimentación da familia residente (Soutelo, 2005: 51). Para analizar dunha forma precisa a fotografía de xénero é necesario atender á representación dos espazos e neste caso aqueles nos que se desenvolven as mulleres e que están reservados exclusiva e principalmente para elas (Burke, 2005: 139).

A desigualdade de xénero comezaba na propia familia. As nenas asistían menos á escola e deixábanas antes que os nenos xa que eran as encargadas dos coidados dos nenos ou persoas maiores e das tarefas do fogar (Soutelo, 2005: 52). Dende nenas, asimilaban esa discriminación como algo natural. Ademáis, ese modelo social foi transmitido cando foron nais e non só ás súas fillas. Se tiñan un neno e unha nena, a diferenciación das cargas por xénero era ensinada pola nai e o pai. Estes explicaban de forma directa e indirecta que podía facer o neno e a nena non, e que debía facer a nena e o neno non. Ser nais aseguraba ás mulleres ter alguén que cuidara delas cando se fixeran vellas. Como mulleres casada e como nais, protexían ao marido, os fillos e o fogar incluso de calamidades como o mal de ollo ou as envexas (Lisón, 2004: 172-174). A función protectora da muller cara a súa uniade familiar ten unha presenza máis consistente que a do marido. Mentres el protexe dende a forza e a intimidación, ela faíno dende o coidado constante e a preocupación.

Podemos relacionar as fotografías do rural feitas por Anderson e protagonizadas por mulleres galegas coas primeiras fotografías de Oriente Próximo, onde as mulleres orientais aparecían traballando no campo. As escenas urbanas que captaban as actividades das rúas e os cafés, estaban completamente ausentes (Burke, 2005: 137). Como historiadores é preciso analizar por que se atopan nuns espazos e están ausentes noutros. As fotografías de Anderson representan unha sociedade polifacética onde as mulleres desempeñaban todo tipo de tarefas (March, 2011: 139).

## 6. 2 Pluriactividade feminina: eficientes dentro e fóra da casa

Galicia é a rexión española con máis mulleres activas no sector agrícola (Lisón, 2004: 171). É imposible falar do mantemento das economías rurales sen ter en conta o papel das mulleres (Estévez *et al*, 2004: 249). Os estudos sobre Historia Agraria centrados na muller ou no ámbito feminino son moi escasos, non hai máis que tentar buscar libros, artigos ou revistas que falen sobre a realidade das mulleres no ámbito rural galego da década de 1920 para darnos conta da carencia de fontes. Isto evidencia o desinterese das investigadoras e

investigadores nas mulleres do rural, ás que parecen non considerar tan interesantes como para protagonizar os seus traballos se non é un caso excepcional (Ortega e Cabana, 2021: 20). Anderson fotografiou os traballos das mulleres porque lle chamou a atención o feito de que realizaran todo tipo de actividades. Ademáis, foi a realidade coa que ela topou, que ía fotografar senón? Tanto as súas fotografías como o seu libro reflicten a realidade da Galicia dos anos vinte, onde describe ás nosas devanceiras e os traballos que desempeñaban, dándolle importancia a unha parte da poboación que fora esquecida nos libros de historia (Rodríguez-Saavedra, 2022: 72).

As mulleres do agro diferenciábanse das da cidade nas ocupacións extradomésticas. Ao igual que as que vivían no núcleo urbano, as mulleres do rural ocupábanse do mantemento dos fillos, o coidado das persoas maiores, a organización do fogar e a atención do marido. Pero no ámbito rural tamén se encargaban de labores específicas do seu *habitat*: levar a pastar ás vacas, apañar herba, plantar sementes e recoller cultivos; nos pobos costeiros ir a por algas para abonar, mercar e vender peixe, arranxar as redes de pesca, poñer o barco familiar a punto... Isto non quere dicir que as mulleres da cidade non realizaran outros traballos fóra do ámbito doméstico, porque tamén foron un pilar fundamental do desenvolvemento industrial. Porén, os traballos e as responsabilidades variaban dependendo do seu lugar de residencia e do poder adquisitivo da familia á que pertencían.

Co tempo as mulleres foron adentrándose en máis terreos como a industria, pero sempre foi baixo a orde, supervisión e aprobación masculina. Elas entraron ata onde eles quixeron. O avance da industrialización impulsou o traballo feminino como vemos no estudo realizado por Muñoz Abeledo (2012) en Nigrán, A Coruña e Bueu. As traballadoras fixeron fronte ás variacións da demanda (Humphries e Sarasúa, 2012: 54). Para o movemento agrarista de comezos de século, era importante que as mulleres tiveran constancia do traballo da terra, pero sobre todo do papel que elas tiñan que ocupar para desenvolver as tarefas que lle correspondían (Ortega e Cabana, 2021: 105). Eran máis importante do que elas pensaban e do que os seus coetáneos lle demostraban. O funcionamento da economía galega dependía delas nunha parte importante.

### 6. 3 O impacto da emigración masculina e a feminización dos traballos

Debido ás ondas migratorias das décadas finais do século XIX e comezos do XX protagonizadas principalmente por homes, as mulleres quedaron ao cargo das explotacións familiares e tomaron o control da dirección do grupo residencial (Soutelo, 2005: 56). Como mencionamos, a década de 1920 foi unha época chea de cambios no rural galego. Esta modernización tamén veu impulsada pola emigración, xa que a falta de mans fixo necesaria a mecanización dalgunas das fases do traballo agrario (Anderson *et al*, 2009: 77).

Anderson non recolleu de forma explícita o fenómeno da emigración como un elemento estrutural na sociedade que ela visitou. Porén a gran cantidade de fotografías protagonizadas por mulleres realizando unha gran variedade de traballos reflicte a ausencia de homes novos que traballaran a terra e o mar (Anderson *et al*, 2009: 80). Por outra banda, estes movementos migratorios protagonizados polos labregos galegos estimulou a integración das economías domésticas no mercado (Soutelo, 2005: 56). A modernización do rural galego durante eses anos non tivo que ver coas élites económicas senón cos propios labregos e labregas que mediante o seu traballo directo na terra modernizaron a actividade agrícola (Anderson *et al*, 2009: 75).

Pero o traballo realizado por estas mulleres labregas no que concirne á explotación doméstica e o seu desenvolvemento no mercado foi entendido máis ben como unha axuda familiar e non como un impulso profesional, o que constata o pouco valor que se lle daba ás labores femininas. Foron as mulleres as que axudaron a preservar a economía familiar e a supervivencia do grupo doméstico coa xestión e execución das funcións necesarias. Foi grazas a este traballo feminino que se desenvolveu unha economía vencellada á explotación doméstica no rural cunha tendencia alcista ata mediados do século XX (Soutelo, 2005: 56).

Algunhas das escritoras que viaxaron á Galicia de comezos do XX percatáronse da importancia da emigración masculina debido á ausencia de homes que deixara ás mulleres galegas soas á cabeza de traballos moi mal remunerados (March, 2011: 139). Nalgúns casos, facíanse cargo da totalidade dos traballos agrícolas debido á emigración masculina e cando o marido quedaba na aldea ou pobo de orixe as tarefas relacionadas coa agricultura eran repartidas entre ambos (Lisón, 2004: 171). Nos anos vinte o concepto de *male-breadwinner* (home cabeza de familia como sustentador de toda a unidade familiar) extendeuse entre as

clases medias galegas chegando a lograr un certo consenso social e, incluso, unha especie de aspiración entre as familias obreiras. Pero para as clases populares, onde o salario do cabeza da casa en moitas ocasións non chegaba ao 40% do necesario para cubrir as demandas básicas da familia, non había ese propósito; ese ideal masculino do cabeza de familia sería retomado polo Franquismo ao pretender que so traballara o home da casa (Borderías e Muñoz, 2019: 99). O salario do home moitas veces non chegaba a cubrir nin a metade das necesidades do fogar, polo que se entendía que debía haber unha colaboración dos demais membros para poder sustentar o grupo. Tamén hai que ter en conta, recorrendo aos orzamentos familiares, que os cabezas de familia eran os que máis porcentaxe de ingresos gastaban. Tanto destinados a roupa como a ocio. As mulleres contaban cun menor gasto deses cartos para a súa vestimenta e os cartos destinados ao ocio das mulleres era practicamente inexistente.

Cando Ruth viaxou a Camariñas para fotografar a un grupo de mulleres facendo encaixe, deixou constancia da falta de homes derivada da emigración. As mulleres da zona queixábanse de que había poucos homes en idade de casar debido á emigración. Este discurso xa era coñecido para Ruth, xa que as leiteiras coas que se atoparan ela e máis seu pai de camiño ao monte Pindo dixeránlles o mesmo. O diálogo entre estas leiteiras e Ruth Matilda sobre a emigración masculina será retomado posteriormente debido a que será unha das fotografías analizadas.



Mulleres palillando en Camariñas  
22 de novembro de 1924<sup>3</sup>

---

<sup>3</sup> Extraída de Anderson *et al*, 1939: 451

*For these girls and a seventh working at the window the town had but two bachelors to often. The rest o the marriageable men were far away in Cuba, Brazil, Argentina, North America (Anderson et al, 1939: 451)*

#### 6. 4 División sexual do traballo no rural: as tarefas invisibilizadas

Pouco a pouco co modelo capitalista as sociedades rurais mudaron a súa natureza e as novas xeracións foron individualizando as actividades e desvencellándose da xestión da explotación doméstica propia da familia nuclear (Soutelo, 2005: 53). Porén, no rural galego a xente vivía das explotacións agrícolas familiares, e máis da metade das persoas que traballaban nelas eran mulleres (Lisón, 2004: 171). Estas explotacións atendíanse tendo en conta os ciclos da terra que son regulados polas estacións e durante os cales a intensidade do traballo varía. Dependendo do ciclo a intensidade pode ser menor ou maior tendo en conta a especialización do cultivo. A tipificación da intensidade do esforzo no traballo ao longo dos ciclos pódese xeralizar a toda Galicia, tendo en conta que cada cultivo esixe condicións diferentes. Ademáis, os ciclos agrícolas non eran só un conxunto de actividades laborais senón tamén de eventos sociais que se reparten no calendario e se suceden ao longo do ano (Vázquez, 1997: 218).

As mulleres labregas tamén comerciaban cos produtos da terra nas cidades, onde os intercambios as favorecían a elas pero tamén lles impoñían un status inferior e de sumisión en relación coa *ama urbanita* que ía mercar os seus produtos (Souelo, 2005: 55). Os membros das familias agrarias contribuían ao mantemento do fogar e da unidade familiar, ao igual que cooperaban na produción agrícola e gandeira (Boderías e Muñoz, 2019: 93). Malia ter outros empregos nos que podían gañar un salario máis ou menos fixo, as mulleres tamén tiñan que ocuparse da explotación familiar. Algunhas mulleres novas e, polo xeral, solteiras realizaban certos traballos coma o de criadas, costureiras ou lavandeiras fóra do fogar; estas ocupacións eran consideradas como unha extensión das cualidades femininas e non tiñan tanto prestixio como os traballos que tamén eran realizados por homes (Soutelo, 2005: 55).

As mulleres que traballaban no servizo doméstico recibían un salario, pero o seu traballo non era entendido como algo que supuxera tanto esforzo como os protagonizados polos homes. Neste senso é interesante perfilar determinados aspectos: as mulleres que desempeñan tarefas relacionadas coa súa condición feminina eran infravalorados por facer

unha labor considerada exclusiva das mulleres e que supostamente implicaban menos esforzo e sacrificio. Neste caso podemos chegar a comprender que se infravalorara o seu traballo por non ser visto como unha actividade que supuxera un gran esforzo físico, algo que si se atribuía aos traballos masculinos.

Pero que ocorre con aquelas tarefas que desempeñaban tanto homes como mulleres? As mulleres traballaban a terra igual que os homes, coincidían no mesmo espazo desempeñando a mesma tarefa. Porén, a súa *colaboración* seguía sendo percibida como algo con menos valor. Incluso cando había tarefas que maioritariamente eran protagonizadas por mulleres, ademáis das do ámbito doméstico, como ir recoller algas ou limpar o peixe considerábanse *tarefas complementarias* á actividade principal protagonizada polo home da casa.

A discriminación non ten que ver tanto co esforzo que elas levan a cabo como co seu recoñecemento. Non hai interese en recoñecer a importancia dos seus traballos porque esa nin sequera existía a ollos dos seus contemporáneos. O feito de ser unha muller a que desenvolvía unha actividade ou un traballo xa lle quitaba valor. Por iso falamos dunha clara discriminación de xénero cuxa pegada segue presente na actualidade malia ter avanzado en moitos aspectos. Modificar a lexislación e gañar dereitos en materia de igualdade de xénero foron logros moi importantes. É preciso mudar esa mentalidade e percepción machista que aínda na actualidade quita importancia aos traballos ou calquera actividade protagonizada por unha ou varias mulleres. Neste senso, é importante coñecer o pasado para saber de onde vimos, por qué estamos onde estamos e como podemos mudar costumes e fundamentos culturais.

#### 6. 5 Importancia das fotografías de Ruth para coñecer os traballos femininos

O feito de que moitas das actividades realizadas por mulleres se atoparan no marco da economía extraoficial fixo que a fotografía resultara ser un testemuño moi valioso para poder coñecer as labores protagonizadas por mulleres que non se atopaban nos documentos oficiais (Burke, 2005: 137). Anderson estaba interesada nos traxes das mulleres galegas pero iso non lle impediu fixar a súa atención nos traballos que realizaban. Ruth escribiu sobre os traballos realizados por mulleres de diferentes idades e a habilidade destas para desempeñar todo tipo de tarefas, incluso as que máis forza física requirían. Diversas autoras deixaron constancia da

fortaleza das mulleres galegas combinada coa súa axilidade para levar obxectos voluminosos na cabeza (March, 2011: 139). Hai unha equidade en canto ao esforzo nos traballos porque tanto homes como mulleres se adican practicamente ás mesmas actividades (Forcadela, 2011: 161).

Isto axúdanos a construír un relato no que podemos apreciar como os homes e as mulleres tiñan relacións de proximidade tamén dentro do mundo laboral, malia que o traballo feito por elas carecía da importancia das labores realizadas por eles (Estévez et al, 2004: 249). A nostalgia dos fotógrafos anglosaxóns por estas comunidades orixinarias vese reflectida no interese por fotografar utensilios de traballo tradicionais en contraposición co avance da industrialización nun claro intento por interesarse e poñer en valor as formas e ferramentas de traballo máis orixinarias (Burke, 2005: 147).

Había mulleres que levaban aos seus fillos ao traballo, como podemos ver na fotografía realizada por Anderson que capta a unha muller vendendo empanadas de peixe na Escravitude en outubro de 1924. Esta muller estaba sentada tras un cesto coas empanadas e no colo ten algo envolto nun pano de cadros. Ese algo é un meniño ou unha meniña duns meses de idade, cuxa cara amosa á cámara apartando o pano e deixando ver á fotógrafa e a nós como espectadores, como o bebé está durmido.



Vendendo empanadas de peixe, A Escravitude (A Coruña)  
5 de outubro de 1924<sup>4</sup>

---

<sup>4</sup> Extraída de Anderson *et al*, 2009: 347

Nos matrimonios con fillos as mulleres eran as que se facían cargo deles e, se había necesidade de que acodiran ao traballo dun dos pais porque eran demasiado pequenos para quedar sós na casa, ían coa nai. No caso das nais solteiras a compañía dos fillos era obrigada, a non ser que puidera quedar cos avós. As nais solteiras non eran miradas con desprezo por parte da sociedade senón que eran consideradas desafortunadas por non poder ter o que toda muller debería conseguir: un marido (Alonso e Roseman, 2012: 78).

#### 6. 5. 1 Aportación das mulleres do rural á economía galega

Unha boa forma de analizar a economía rural e o traballo feminino é relacionar as taxas de participación feminina co desenvolvemento económico. Ás veces establecer esta relación non é sinxelo debido ao problema principal das investigacións de xénero: a ausencia das mulleres nas fontes. Ese silencio fai que o conteo sexa insuficiente e non se poida dar unha explicación máis desenvolvida sobre as labores das mulleres (Humphries e Sarasúa, 2012: 41).

Nos anos vinte a participación laboral feminina era maior no ámbito rural en comparación cos núcleos urbanos debido á necesidade directa de traballar a terra e o mar, ademáis da percepción máis negativa que se tiña na cidade sobre o traballo feminino (Humphries e Sarasúa, 2012: 53). Nas familias obreiras apreciamos unha contribución por parte dos diversos membros que se mantiña no tempo malia que variaba segundo o ingreso de cada un, a idade, o oficio e incluso a estacionalidade (Borderías e Muñoz, 2019: 88). Malia que en momentos de crise ou desemprego descende esta contribución, vemos que polo xeral todos os membros contribúen economicamente no desenvolvemento da unidade familiar, mulleres e nenos.

Se ben é certo que en ambos lugares as mulleres desempeñaron un papel importante para a economía, as labores das mulleres no rural non estaban tan mal vistas, era *o que tiñan que facer*. Porén, no ámbito urbano existía unha maior desigualdade e clasismo que se vía reflectido nas ocupacións femininas. Se as mulleres de cidade traballaban, significaba que non pertencían a unha familia o suficientemente adineirada. Incluso había mulleres que tentaban ocultar que traballaban porque isto supoñía unha vergoña porque non pertencían ao status social que a elas lles gustaría (Humphries e Sarasúa, 2012: 47).

## 7. As mulleres traballaban ou botaban unha man? Repensando a terminoloxía

Precisar os termos é algo necesario en todas as investigacións, pero máis concretamente naqueles traballos históricos ou historiográficos onde os conceptos teñen un peso importante. Neste senso o concepto de *traballo* ocupa un espazo máis grande e relevante xa que vai ligado a outro termo cunha gran importancia a nivel social e cultural dentro da loita obreira: o *esforzo*. Enténdese que aqueles que traballan fano por necesidade e por elo con *sacrificio*. A cultura do esforzo amosa que as persoas que traballan conseguen logros mediante o sacrificio da súa enerxía, tempo e forza, sobre todo aqueles traballos que esixen un esforzo físico. Por elo, cal é a diferenza entre traballar e botar unha man? Esta segunda expresión ten un claro matiz que ocupa un espazo secundario en canto ao traballo. Empregando a expresión ‘botar unha man’ estamos referíndonos non tanto a un traballo senón a unha *axuda* cara o mesmo. Incluso podemos dar por feito que sen esa axuda, o traballo faríase igualmente; ese auxilio actúa a modo de apoio da acción principal, pero non a determina. Se decimos que as mulleres da Galicia rural *botaban unha man*, entendemos que non o facían con *constancia* nin *esforzo*. Polo tanto, estaríamos infravalorando a súa participación, non só nas diversas actividades nas que interviñan senón tamén na economía do país.

Por elo é preciso concretar eses termos, principalmente, para darlles a importancia que tiveron. Se ben é certo que podía *botar unha man* ou axudar en diversa actividades, tamén hai que ter en conta que traballaron tanto dentro como fóra do fogar. En Soutelo (2005) podemos ver que o segundo capítulo ten o título “Invisibles na sociedade, pluriactivas na casa”. Mediante este nome o autor pretende amosar que malia non ter recoñecemento social realizaban un gran número de actividades. A casa ou o fogar eran o núcleo de actuación desas mulleres, onde levaban a cabo traballos que tardarían anos en recoñecerse como tal e cobrar a importancia que realmente teñen. Ao non ser unha ocupación remunerada, enténdese que carace de importancia. O mantemento do fogar, era algo que tiñan que facer elas, polo feito de ser mulleres, son as que teñen que levalo a cabo. Estas actividades eran a súa ‘obriga’ xa que se entendía que as tarefas domésticas eran unha extensión das súas cualidades femininas, polo que non podían recoñecerse como traballo a ollos da sociedade, era *o que tiñan que facer*. Así recoñeciase que este tipo de labores formaban parte non só da súa *natureza* senón da súa *identidade* afirmando así que as actividades do fogar formaban parte da personalidade das mulleres de forma innata (Queizán, 1977: 88).

## 8. Análise das fotografías seleccionadas

Tras a anterior contextualización enfocada no ámbito histórico e antropológico, nos seguintes apartados analizaremos as tres fotografías escollidas. Veremos imaxes nas que a muller é a protagonista e que nos servirán para analizar diversos aspectos relacionados co ámbito económico e social de Galicia nos anos vinte. Primeiro realizarase unha descripción xeal de cada unha das fotografías que posteriormente serán complementadas coa bibliografía histórica, antropológica e de xénero pertinente para rematar facendo unha análise completa.

### 8. 1 As leiteiras de Carnota



Leiteiras regresando a Carnota, Muros (A Coruña)  
5 de novembro de 1924<sup>5</sup>

Esta fotografía amosa un grupo de cinco leiteiras nos arredores de Carnota. Vemos que se atopan nun entorno rural onde o camiño sobre o que se dispoñen está composto por pedras. Pódense ver casas e o monte de fondo. Non é unha fotografía espontánea ou

---

<sup>5</sup> Extraída de Anderson *et al*, 2009: 281

improvisada senón que as protagonistas aparecen posando. A súa disposición é escalonada e están mirando ao mesmo punto formando unha fila. De esquerda a dereita podemos ver a tres mulleres, a primeira máis nova (20-30 anos), a segunda maior (duns 60 anos) e a terceira dunha idade similar á primeira. Levan cada unha un cesto con pan na cabeza, algo que como se mencionou anteriormente é recorrente nas fotografías de Anderson. Seguramente polo insólito que pudo resultarlle ver esta forma de transportar e cargar elementos. As dúas últimas rapazas que vemos (de esquerda a dereita) son dúas nenas novas de entre 8 e 11 anos aproximadamente. A excepción da muller colocada no centro da imaxe, o resto portan unha leiteira metálica na man. Todas levan a cabeza cuberta cun pano, unha especie de poncho negro e medias da mesma cor e saia. As mulleres maiores levan mandil e a ancián vai toda vestida de negro, seguramente porque levaba loito.

Malia que é difícil ver o calzado que levan todas, podemos observar como a nena da dereita leva zocos de madeira. En canto á indumentaria, non poderíamos determinar se esa era a vestimenta común das mulleres xa que quizáis poderían ter posto eses traxes *para a foto*. Neste senso tamén é interesante facer unha análise comparada con outras fotografías onde se amose a indumentaria doutras mulleres do rural. Malia que non hai grandes diferenzas entre elas, si podería terse dado o caso de que, se souberan con anterioridade que ían ser fotografiadas, sacaran as súas ‘mellores galas’, que simplemente podería ser roupa menos usada.

Se ben é certo que nesta imaxe podemos apreciar a clara dirección da fotógrafa na organización da composición e postura das nosas protagonistas, non sempre hai unha premeditación nas súas fotografías. Como xa mencionamos non por ser unha fotografía a súa veracidade é maior. Como historiadores temos que ter en conta que todas as fontes son subxectivas e están sesgadas. Dende o ángulo lixeiramente contrapicado no que Ruth realiza a fotografía podemos apreciar tanto o chan como a dispersión preparada das mulleres, a montaña ao fondo e o ceo, co que concluímos que a profundidade desta fotografía é ampla. Debido a este emplazamento podemos chegar á conclusión de que esas mulleres abastecían de leite fresco arredor de Carnota.

Todas as fases de produción do leite eran consideradas tarefas femininas, polo que non é de estranar que o oficio de leiteiras sexa protagonizado exclusivamente por mulleres. O seu recoñecemento como tal pode deberse a que tiñan relación coa cidade e co campo, e eran

perfectamente recoñecibles en ambos espazos. Este reparto do leite comezou a levarse a cabo a finais do século XIX co crecemento das cidade galegas que esixían a chegada de produtos frescos. Dende as aforas das cidades, estas mulleres do rural erguíanse a diario para abastecer aos pequenos núcleos urbanos en vías de desenvolvemento. Ademáis, este traballo era complementario coas súas labores domésticas xa que o consumo do leite na Galicia realizase principalmente no almuerzo, polo que estas mulleres erguíanse cedo para ir muxir ás vacas e logo repartir o leite para a primeira comida do día. Logo, podían chegar á súa casa á hora necesaria para que lles dera tempo de preparar o xantar á súa hora.

#### 8. 1. 1 O traballo das leiteiras visto por Ruth Matilda

Profundizando na labor das leiteiras é preciso mencionar que para Ruth este método de reparto do leite de casa en casa por parte dun grupo de mulleres podía ser percibido como mostra de atraso. De onde ela viña non se levaba a cabo esta actividade. Para conseguir leite no Nova Iorque dos anos vinte bastaba con ir ao supermercado. Para os galegos e galegas desta época o traballo das leiteiras era concebido como mostra de modernidade xa que grazas ao seu traballo podían ter leite fresca a diario. O oficio das leiteiras foi clave na modernización de Galicia, o seu traballo vai máis aló da percepción bucólica que se podía ter do rural galego. Mentres que nos arredores de Carnota podemos ver como as mulleres abastecían de leite e pan á poboación rural, catorce anos antes un grupo de compañeiras de gremio estábanse a manifestar nunha cidade da mesma provincia coa finalidade de obter unhas mellores condicións laborais; isto ocorreu na folga de leitiras de Ferrol de 1910, como veremos máis adiante.

Para as familias labregas que dispoñían dunha parcela propia onde cultivar, o traballo desa terra era moi importante para o sustento alimenticio familiar. Os orzamentos alimenticios eran insuficientes e incluso algúns dos traballos eran pagados en especie con peixe, ovos, touciño ou verduras (Borderías e Muñoz, 2019: 96). Ben coñecemos que neses anos se pasaba fame, polo que os que podían cultivar no seu terreo non só o facían coa finalidade de vender eses alimentos senón tamén para a súa subsistencia. Isto é o mesmo que ocorre co leite: se ben é certo que se comerciaba con el, tamén se consumía como o produto de primeira necesidade que é.

As leiteiras fotografiadas ían de casa en casa polas aldeas da contorna de Carnota. Cando remataban de dar o leite nun fogar ían a outro e así ata rematar o contido da leiteira metálica. En ocasións, se lles quedaba algo de leite e ninguén máis quería ían polas rúas rogando que alguén llo mercara ou, no caso de que houbera un mercado ou praza que contara cunha leiteira *fixa*, deixábanllo a ela para que rematara de vendelo. Estas mulleres vendedoras de leite adoitaban ir mercar os produtos que necesitaban tras a venda da súa leite cos cartos que conseguiran (Mariño del Río, 1994: 133).

#### 8. 1. 2 Anotacións de Anderson sobre as mulleres fotografadas

Mentres Ruth e Alfred estaban de camiño ao Monte Pindo dende Muros, comezaron a recibir compañía dalgúns ollos que miraban a eses dous estadounidenses estranos con interese por saber que estaban facendo nese recuncho de monte perdido.

*While we were labouring over this strange highway, we began to have companions. They came upon us from the ear surprisingly fast, one or two women at first, then a whole file bearing the shiny cans in which they had carried the breakfast milk to Muros. Now they were returning home. All the women had kerchiefs, most of them had back woolen shawls, the only variations were in the tones of their cottonblouses, skirts, and aprons. Some wore wooden-soled shoes, but the barefoot ones, as they trod the hollowed stones, looked and sounded the more comfortable* (Anderson *et al*, 1939: 326)

Grazas a esta información podemos ver que a fotografía non foi planificada con anterioridade e que a indumentaria de estas traballadoras do leite era completamente espontánea, levaban a roupa de ir traballar. Non sacaron as súas mellores galas para ser fotografiadas porque non sabía que se ían atopar con Anderson e a súa mirada interesada no seu traballo e, especialmente, na súa roupa. Anderson escribe no seu diario que as leiteiras sabían de onde eran ela e o seu pai. Non sería de estranar que se corra a voz de que dous americanos estaban na contorna de Muros facendo fotografías. *They knew we were from America, the fabulous America of the North* escribiu Ruth no seu diario, amosando o seu orgullo de pertencer a un sitio tan marabilloso como América do Norte (Anderson *et al*, 1939: 327).

Por outra banda, estas leiteiras tamén falaron cos Anderson sobre a emigración:

*Their menfolk went to america, they said, earned money and enjoyed life, while they had to stay behind, toiling, waiting hopelessly until they grgew old and dies in this gray, forgotten corner of world. The women wew five to every man and tat eas a dull situation (Anderson et al, 1939: 326)*

Este discurso tamén foi protagonizado polas rapazas de Camariñas fotografadas por Ruth, que botaran contas das mulleres que había por cada home en idade de casar. A presenza feminina superaba á masculina debido á mobilidade dos homes para atopar traballo. As propias leiteiras pediron a Ruth e ao seu pai que as levaran a América e elas se encargarian de todas as tarefas. As mulleres do Pindo prometeron aos Anderson que realizarían en Nova Iorque as mesmas actividades que desempeñaban en Galicia: cultivar os campos, alimentar aos cabalos e aos nenos. Pero Ruth non tiña hortas, cabalos nin fillos. O que as leiteiras consideraban como liberdade, debido ao que contaban os homes emigrados, non sería unha experiencia tan agradable. A América á que emigraran os seu homes non era a mesma da que procedía Ruth.

A fotografía ante tal oferta das mulleres de encargarse da súa casa nos Estados Unidos deixa constancia de que iso non é un soño, ao escribir que cambiarían a casa e terras verdes por vivir nun edificio alto, e que non poderían retornar a Galicia nin cando morreran. Ademáis deixa claro a dor que lle produce pensar nesas mulleres falecendo fóra do *little witch country*, é dicir, do pequeno país das bruxas. Tras esta interacción, Anderson anota no seu caderno como a ambición destas mulleres desapareceu e a conversa tornou cara outros temas máis superficiais.

*The women wew five to every man and tat eas a dull situation. They would milk our cows, cut our kindling, plot our fielads, feed horses, pigs, chickens, nurse children, scrub, wash, do anything, everything, if we would only take them. buth i had no pigs or children, and if they came to New York, they would have to stay in a tall house and never return to Galicia, not even to be buried (Anderson et al, 1939: 327).*

Aquí apreciamos as distintas realidades. Anderson, que procedía do Medio Oeste dos Estados Unidos, formárase en Nova Iorque e viaxou por España, chegou a ver a

deshumanización derivada da modernidade e a industrialización. Tanto foi así que o feito de que ela estivera en Galicia tentando captar os costumes, as xentes e as paisaxes como algo único e que conectaba aos seres humanos co seu orixe, era mostra de que a velocidade da modernización estaba desvinculando ás persoas das súas raíces. Porén, as leiteiras que nunca saíran das súa vila ou aldea e estaban ao tanto dos discursos dos homes cando marchaban emigrados, querían ver mundo. Consideraban a súa vida aburrida e sen diversión, mentres idealizaban o feito de marchar fóra do seu fogar.

Ambas percepcións do mundo son comprensibles: a que viu tantos lugares opina que no rural se vive mellor ao evitar o estrés e a velocidade da cidade; pero as que se criaron e traballaron no campo queren saír del para vivir novas experiencias e tentar ir na procura da liberdade.

### 8. 1. 3 A folga das leiteiras de Ferrol en 1910: activismo e conciencia laboral

É practicamente imposible falar do traballo das leiteiras sen facer referencia á folga das leiteiras de Ferrol do ano 1910. Mentres estas mulleres estaban a repartir o leite nas proximidades de Carnota, había catorce anos que un grupo de mulleres do seu mesmo oficio se manifestara para pedir mellores condicións laborais no sector, chegando a paralizar durante días unha cidade tan importante a nivel galego nese momento como era Ferrol. Neste caso é preciso falar do agrarismo como unha ferramenta social, económica e política mediante a cal as comunidades labregas poidan ser conscientes de determinadas situacións de inxustiza e reivindicarse. Como nos di Lourenzo Fernández Prieto as mulleres están desaparecidas das sociedades agrarias debido aos estudos feitos dende unha mirada presentista (e, por suposto, sexista) e á ausencia delas nas listaxes de socios (Fernández, 2021: 179-180). Manuel Mariño del Río fálanos da organización agraria ‘La Protección Obrera’ de Porto do Son, creada a comezos en 1901 e onde teóricamente permitían a afiliación de mulleres labregas. Pero no Artigo 13 do reglamento consta que:

*Las hembras no podrán asistir a las sesiones y discusiones ni tendrán voz ni voto, y para representarlas, defenderlas y oír sus peticiones, se nombrará una comisión compuesta de tres individuos que será elegida cuando se elija la Junta Directiva* (Mariño del Río, 2016: 12).

Esta discriminación *sobre o papel* tamén podemos vela na folga de leiteiras de Ferrol de 1910 onde eran as propias traballadoras as que protagonizaron as diversas mobilizacións. Foron detidas, represaliadas e humilladas pola garda civil mentres os que falaron coa prensa e negociaron co Concello de Ferrol foron os homes vinculados á Sociedade de Agricultores de Serantes, parroquia de onde eran a meirande parte das leiteiras que se manifestaran (Fernández, 2021: 181). As mulleres eran tratadas pola prensa como tolas ao definirse a estas leiteiras que paralizaran o seu traballo como *faltas de capacidade*, cando simplemente estaban a pedir unha mellora nas condicións do seu traballo como a rebaixa de aranceles por vender na cidade e que se deixara de cuestionar a calidade dos seus produtos. Esta mobilización deixou a Ferrol sen leite, ovos, verduras e incluso leña durante dez días de inverno (Fernández, 2021: 182-183). Vemos así que era grazas ao traballo destas mulleres aldeáns que se abastecía á cidade de produtos de primeira necesidade.

Estas leiteiras non só vendían leite senón produtos das súas hortas, co cal podemos confirmar que tiñan un traballo remunerado malia non contar cun contrato oficial. O feito de que estas mulleres foran de Serantes tamén é algo relevante, xa que era o rural o que suministraba produtos de primeira necesidade á cidade naval do noroeste do Estado español. Neste contexto está presente o contraste entre un dos primeiros polos industriais galegos en torno ao que naceron algunhas das sociedades agrarias galegas primixenias. A prensa ferrolana burguesa referíase a estas mulleres do rural como *campesiñas* cun ton pexorativo, polo que non só foron discriminadas polo seu xénero senón tamén pola súa clase. Os termos empregados polos habitantes da cidade ferrolán non son os mesmos que utilizaban os campesiños para autodenominarse; estes preferían chamarse agricultores ou labregos (Fernández, 2021: 187).

O emprego destes termos é importante. Os burgueses ferroláns que empregaban a palabra ‘campesiño’ como algo despectivo facían referencia ao lugar onde vivían, o campo, en contraposición con eles que vivían na cidade. Con isto vemos a presenza do clasismo en canto a que o ámbito urbán era concebido como o bo e relacionado co progreso, mentres o mundo rural era o malo e a representación do atraso. Por outra banda, os propios habitantes do agro ao definirse a eles mesmos como agricultores ou labregos estábanse a presentar mediante as súas ocupacións e traballos, polo que podemos intuír que para eles non era algo negativo. Todo o contrario, semella que sentían orgullo das súas labores relacionadas coa terra. De igual forma que as burguesas e burgueses ferroláns se referían ás mulleres leiteiras

como campesiñas, nos pobos costeiros empregaban o apelativo *mantidas* para denominar a aquelas mulleres burguesas que ían pasar o verán a estas vilas para tomar baños de auga salgada (De Carreira, 2017: 149).

Como xa mencionamos, as protagonistas destas mobilizacións paralizaron a entrada de leite en Ferrol durante dez días, un produto de gran importancia na alimentación galega do momento. As leiteiras de Serantes que vendían na cidade extraían o leite das súas vacas (as que as tiñan) ou levaban o leite doutras e obtiñan unha parte das ganancias. Como vimos, ademáis do leite vendían tamén produtos da terra como hortalizas ou verduras das súas propias explotacións familiares. Por iso pedían a regulación do mercado para os produtos de aldea que eran vendidos na cidade tentando loitar contra os altos aranceis establecidos polo concello (Fernández, 2021: 191).

#### 8. 1. 4 Aurora Liste Forján: testemuño dunha leiteira do rural

Lamentablemente, non coñecemos a identidade das leiteiras da fotografía nin de moitas outras mulleres que realizaban este traballo. Coñecer a vida e o testemuño dunha muller que se adicaba ao reparto do leite pode axudarnos a completar esta investigación porque nos aporta información relevante que é preciso ter en conta. Grazas á reivindicación realizada polas leiteiras ferrolanas podemos analizar as condicións nas que traballaban aquelas que estaban prèto dunha cidade, concretamente un núcleo urbano tan importante como comezaba a ser Ferrol. Pero, que ocorría coas leiteiras do rural ou as que vivían e traballaban ás aforas dunha cidade máis pequena?

Para poder resolver esta cuestión podemos retomar a historia desta leiteira particular. Aurora Liste, a "Leiteira de Calo", que levaba o leite dende Teo ata Compostela a diario. Neste momento Santiago non era unha cidade tan grande como Ferrol, polo que quizáis as súas condicións achegábanse máis ás das mulleres da fotografía de Anderson. Aurora aprendeu a labor de leiteira da súa nai Josefa que lle ensinou dende que era pequena; no seu caso mercaban o leite a xente da zona de Ameneiro, na parroquia de Calo (Teo), e arredores para depois vendelo na cidade compostelán (Ferreiro, 2023: 125-126). Como vemos, non era preciso ter vacas para exercer a labor de leiteira; algunhas como Aurora non as tiñan, pero adicábanse á venda do leite igualmente.

Hai que ter en conta que non todos os habitantes da Galicia rural podían permitirse, mercar unha vaca e mantela. O gando vacún era un baremo para clasificar as casas, canto máis reses tiña unha familia máis rica era (González Pérez, 1997: 269); non todos os galegos do rural tiñan o poder adquisitivo necesario para manter este animal. Unha vaca podía ser unha boa inversión xa que dela podía venderse o leite, vender ou comer a carne e mesmo vender o pucho. Co leite tamén podían elaborarse manteigas e queixos que despois eran vendidos nos mercados locais ou empregados para a alimentación dos membros do fogar (Cabana, 2010: 14). Ademáis, a carne da vaca era máis cara que a de porco ou ave, por iso nos fogares do rural galego era unha comida extraordinaria (De Carreira 2017: 58).

Da vaca aproveitabase practicamente todo, incluso a pel podía empregarse para facer coiros e os cornos eran utilizados para gardar as pedras de afiar (Mariño del Río, 1994: 98). A vaca é a femia do touro e é máis codiciada que o macho pola abundancia que trae consigo: pode ter crías, co leite poden facerse diferentes produtos, traballar como animal en carros e arados, consumir a súa carne e aprovetar a súa pel (González Pérez, 1997: 270). Unha vaca era unha especie de ‘maquina de facer cartos’, pero tamén era unha gran inversión en canto á súa alimentación e mantemento. É por iso que, ao igual que Aurora, habería outras leiteiras que mercaban o leite aos donos e donas das vacas para despois vendelo. Algo que destaca de Aurora Liste era o feito de que sempre pagaba a leite que mercaba ao momento e criticaba que os donos das empresas leiteiras podían tardar meses en pagar; para ela e os valores comunistas cos que comulgaba a familia Liste, era un exercicio de xustiza pagalo ao recollelo (Ferreiro, 2023: 127).

## 8. 2 Mariscando preto de Carril



Mariscando preto de Carril (Pontevedra)  
19 de febreiro de 1926<sup>6</sup>

Pasando da provincia da Coruña á de Pontevedra e do campo ao mar, atopámonos coa fotografía desta muller mariscando na Ría de Arousa. Vemos unha muller agochada rascando a area mollada cun aparello de mango de madeira e punta de metal. A señora de mediana idade escaña coa man no chan en busca dese marisco que podemos intuir que sería berberecho ou ameixa. Apreciamos a textura fangosa típica das zonas de marisqueo. Preto da muller hai dous cestos nos que probablemente portaría o quiñón. Os accesorios que aparecen xunto ás modelos pode reforzar a súa auto-representación (Burke, 2005: 31). Polo mesmo, podemos entender estes cestos como elementos característicos, non só do traballo que a muller está a facer tamén da súa persoa. Nesta imaxe podemos apreciar, ao igual que na anterior, a profundidade da escena, que pon á nosa protagonista nun contexto espacial amplo. A vestimenta da muller é similar á que vimos na fotografía anterior, cun predominio das cores

<sup>6</sup> Extraído de Anderson *et al*, 2009: 305

escuras, seguramente polo emprego do loito. Neste caso aparece ela soa en e o feito de que Ruth capte á muller *traballando* non significa que sexa unha fotografía máis espontánea ou improvisada que a anterior; a propia Anderson puido ter dito á muller que *fixera que traballaba*.

#### 8. 2. 1 Muller mariscando ou muller mariscadora? Lexitimidade do oficio

Como xa vimos, perfilar os conceptos é algo de gran relevancia neste tipo de investigacións. Non é o mesmo dicir que unha muller é mariscadora que dicir que está mariscando. Nas súas nota Ruth non define á muller senón que describe o que estaba a facer. Este feito serve como punto de partida para unha reflexión máis profunda sobre a invisibilización do traballo feminino no ámbito mariñeiro. Definila como mariscadora implica coñecela como realizadora dun traballo. Por exemplo, cando nos referimos aos homes dicindo que eran canteiros, mariñeiros, zapateiros, carpinteiros, etcétera, estamos a falar dunha profesión que os define, que lles da recoñecemento e mesmo prestixio por estar especializados nunha actividade concreta. A propia Ruth define a varios homes protagonistas das súas fotografías como oleiro, zoqueiro ou talabarteiro. Porén, para referirse a una muller que traballa nunha taberna de Padrón, é dicir, unha taberneira, indica "A boa muller da taberna e as súas tres fillas" (Anderson *et al*, 2009: 282). No que se refire ás mulleres non é o mesmo dicir que cosían que definilas como costureiras. Isto non significa que non houbera mulleres recoñecidas como costureiras, senón que os seus oficios non eran tan recoñecidos nin valorados coma os masculinos.



A boa muller da taberna e as súas tres fillas, Padrón ( A Coruña)  
24-27 de outubro ou novembro de 1924<sup>7</sup>

<sup>7</sup> Extraída de Anderson *et al*, 2009: 282

No caso da muller da fotografada en Carril, Ruth refírese a ela dicindo que está mariscando. Como non estaba contratada senón que ocupaba un espazo na economía informal ao vender os mexillóns ao dono dun viveiro, non era nomeada como suxeito profesional; nin sequera era concebida como tal. Considerábase que a súa actividade ocupaba un lugar complementario para a economía familiar, polo que a súa labor non se concebía como un oficio que a definira.

Que Ruth Matilda nas súas anotacións escribira que a muller estaba mariscando en lugar de definila como mariscadora non provén só da súa mirada individual. A súa percepción deste traballo protagonizado pola muller é un reflexo de que o traballo das mulleres era moito menos valorado que o dos homes e, polo tanto, menos nomeado. Este sesgo é asumido porque nos atopamos nun contexto moi condicionado pola ollada patriarcal. Admitir que as labores desempeñadas polas mulleres eran relevantes non era algo común xa que para a meirande parte da poboación elas non facían nada importante. Porén, é necesario precisar estes termos xa que as palabras que se empregaban para definir a determinadas persoas, actividades ou traballos poden aportarnos información sobre o pensamento que se tiña no pasado. O feito de que na década de 1920 non houbera redes de mariscadoras organizadas como as actuais, non significa que houbera poucas mulleres que mariscaban ou que non foran tan constantes neste traballo como na actualidade. Ata finais do século XX non foron recoñecidas como mariscadoras, pese a que levaban séculos practicando a actividade do marisqueo.

No caso das mulleres da fotografía anterior si que nos atopamos cunha descripción derivada do seu traballo. Elas non portan o leite, senón que son leiteiras. O oficio das leiteiras xa fora definido con anterioridade e na folga de 1910 xa eran consideradas unha agrupación constatada. Ademáis, era unha labor feminina ligada ao coidado dos animais, a elaboración de produtos co leite e a súa venda en mercados ou de forma ambulante.

Ao non recoñecer o traballo da muller fotografada como un oficio que a definira como traballadora podemos retomar o título deste traballo: as mulleres galegas traballaban ou botaban unha man? Definilas como mariscadoras sería recoñecer que traballaban, porén dicir que marisqueaban refírese máis ben a que as súas actividades eran complementarias. Por isto mesmo é preciso definir conceptos e crear unha linguaxe consciente á hora de referirse ás mulleres traballadoras e ás actividades que desempeñan. Malia que o seu esforzo non fora

recoñecido nun pasado, non significa que non podamos poñelo en valor na actualidade; é máis, debemos facelo.

#### 8. 2. 2 Mulleres de mariñeiros: moito traballo e pouco recoñecemento

O traballo que estamos a ver nesta fotografía é o marisqueo a pé. Garda relación coa actividade de *ir á seca* que se levaba a cabo na baixa mar coa finalidade de obter animais mariños atrapados en pozas ou soterrados na area tras baixar a marea. Concretamente, a muller da fotografía estaba tratando de conseguir mexilón, ela mesma comunicoullo a Anderson cando se atoparon.

*A little woman wearing her outer skirt rolled tight about her waist and standing barefoot in the winter water said that each vivarium belonged to a different owner who bought young mussels, clams, or marine snails, and planted, cropped, and sold them; her crop was mussels (Anderson et al, 1939: 145)*

Levar a contabilidade das mulleres pescadoras, ao igual que ocorre coas labregas, é moi complicado. Apenas hai fontes que nos amosen a súa realidade. Por elo, investigadoras como Luisa Muñoz estableceron unha serie de correccións e parámetros para poder solventar esta falla de información. Unha destas modificacións é ter en conta que calquera muller que se casara cun labrego pasaría a labrar a terra unha vez contraese matrimonio. No caso da pesca, poderíamos dicir que a labor de *auxiliar de pesca* era ocupada polas esposas dos pescadores que realizaban actividades como a limpeza das embarcacións, a venda de peixe, o transporte de algas para abonar, a costura das redes ou o marisqueo (Muñoz, 2019: 166). Quizáis se podería extender esta corrección ás fillas e fillos de mariñeiros que levaban o peixe que colleran seus pais a distintas casas do pobo ou aldea para vendelo. No caso da vila mariñeira de Porto do Son os fillos de pescadores xa embarcaban cos seus pais entre os oito e dez anos coa función de deixar o transporte a punto para a súa labor pesqueira (Mariño del Río, 2007: 37). A información sobre as actividades femininas relacionadas coa pesca e o marisqueo foi interpretada por investigadoras como Luisa Muñoz a partir do censo de 1920, pero neste censo non se recollen os datos do rural, polo que é complicado establecer uns parámetros oficiais para o marisqueo nos anos vinte.

A meirande parte das actividades que complementaban o exercicio da pesca eran desenvolvidas por mulleres: a costura e arranxe das redes de pesca, o saneamento dos barcos, a limpeza e venda do peixe, atar as redes, *espichar* o peixe para secalo... Ademáis doutras labores como o marisqueo ou a elaboración dese peixe para comer. En canto ao tratamento do produto obtido do mar, as mulleres ocuparon un papel fundamental nas fábricas de salgadura e, posteriormente, nas conserveiras. Referente ás fábricas de conserva, Alfred Anderson anotou no seu diario como as mulleres collían as sardiñas de catro en catro e as introducían no envase con cunha precisión excelente; tamén deixa constancia de que eran as mulleres as que se encargaban do empaketamento do peixe e enlatábano como se estivesen *facendo encaixe* (Anderson *et al*, 2009: 443).

Hai constancia dunha clara inclinación cara a contratación das esposas dos mariñeiros nas fábricas de salgadura (Vázquez, 2017: 65). Coa introducción das máquinas que facían o traballo pesado, a contratación de mulleres era favorable para os empresarios porque elas eran máis rentables ao ter un salario máis baixo que os homes. Esta división sexual pervive na actualidade, onde a meirande parte das traballadoras das conserveiras do século XXI seguen a ser mulleres. E o mesmo ocorre co marisqueo a pé, onde actualmente en rías tan importantes como a de Noia a maioría das traballadoras son mulleres, mentres os homes van co rastro para marisquear por mar coa embarcación.

Isto tamén podemos apreciálo nunha fotografía realizada por Anderson en decembro de 1925 na Coruña, onde un home está baleirando as ameixas do rastro dende unha pequena embarcación (Anderson *et al*, 2009: 305). Neste caso a diferenciación por xéneros susténtase na forza xa que para empregar o rastro dende o barco hai que facer máis forza que por terra, polo que, aínda a día de hoxe en rías tan importantes para o marisqueo como a de Muros-Noia non é raro ver que en matrimonios de mariñeiros o home marisquea e a muller escolle, é dicir, separa o berberecho e a ameixa segundo o tamaño. Tamén podemos apreciar esta diferenza no traballo fotográfico de Anderson. Ela captou a esta muller mariscando a pé en Carril en febreiro de 1926. Meses despois, en decembro, fotografíou a un home na Coruña comprobando as ameixas collidas no raño. No caso deste home, podemos apreciar que se atopaba collendo marisco dende unha lancha, a diferenza da muller que ía a pé. Cada un ía na procura dun bivalvo diferente, a muller buscaba mexillóns para vender e o home ameixas e berberechos.



Comprobando as ameixas collidas co raño, A Coruña.  
8-24 de decembro de 1925<sup>8</sup>

### 8. 2. 3 Escaseza de fontes: o reto de investigar o traballo feminino na costa galega

As fontes que tratan o traballo das mariscadoras na década de 1920 son escasas. A falta de información fai que descoñezamos a súa realidade. No século XVIII na vila mariñeira de Porto do Son, Vázquez Lijó (2016) dinos que os convenios pesqueiros tanto para as mulleres como para os homes contratados de forma eventual rara vez eran realizados diante dun escribano público que deixara constancia destes acordos. O feito de que foran contratos orais fai que descoñezamos moita información relevante sobre estas actividades. A existencia destes traballos temporais é importante para poder estudar as ocupacións femininas. Moitas mulleres non traballaban ao longo de todo o ano; para o caso do marisqueo de berberecho e ameixa soe durar os meses de outono e inverno. Da mesma forma ocorre co peixe, dependendo da época do ano péscanse uns ou outros.

Ao igual que co leite, que era un dos alimentos principais na dieta dos habitantes galegos nos anos vinte, o peixe tamén era un sustento importante para os habitantes das vilas mariñeiras. Cando a pesca non era o suficientemente farturenta como para vender, alomenos podía consumirse na casa, onde a muller preparaba caldeiradas, salgaba ou secaba o peixe. Para estas familias mariñeiras mercar carne era algo que acontecía cando había cartos, para celebrar, ou cando alguén estaba convaleciente. “O bisté que sexa bo que é para un enfermo” era unha expresión recorrente nalgunhas carnicerías galegas durante estes anos, ao considerarse que o sustento calórico era maior que o que proporcionaba o peixe (De Carreira, 2017: 58). O papel do mar foi inferior ao da terra pero protagonizou un cambio na industria

---

<sup>8</sup> Extraída de Anderson *et al*, 2009: 305

moderna do país, pois a relacionada co mar foi a que encabezou a modernización industrial durante a meirande parte do século XX, principalmente as vencelladas á construción naval e á conserva (Anderson *et al*, 2009: 78).

### 8. 3 Mulleres de loito en Muros: morte, espiritualidade e xénero



Parella de anciáns regresando da igrexa, Muros (A Coruña)  
1 de novembro de 1924<sup>9</sup>

Nesta fotografía vemos a dúas mulleres mirando á cámara cunha expresión facial solemne. Visten de negro completamente e levan as cabezas tapadas cun pano e unha mantilla e con saias ata os nocellos. Os zapatos tamén son negros, teñen pouco tacón, semellan ser de pel ou coiro e teñen cordóns. Ambas portan un rosario enroscado no dedo gordo da súa man

---

<sup>9</sup> Extraída de Anderson *et al*, 2009: 331

esquerda e xuntan ambas mans sobre o abdomen en posición case orante. Atópanse paradas a un lado do camiño de terra e ao fondo pode verse a ría e incluso a borraxeira que semella estar entrando no intre que foi tomada a fotografía. Esta imaxe é moi representativa do loito feminino. Se ben é certo que en moitas imaxes realizadas por Ruth vemos a mulleres de avanzada idade vestidas de negro, esta posiblemente é a fotografía que mellor capta a vestimenta. Porén, é preciso ter en conta que esta non era a indumentaria diaria das mulleres que levaban loito; tratábase dunha data especial.

### 8. 3. 1 O Día de Defuntos

As mulleres eran as que levaban a carga espiritual da familia; elas pregan e rezan polas súas familias. Ruth narra a súa experiencia en Muros o día de Todos os Santos de 1924, cando un grupo de mulleres camiñaba ata o cemiterio portando candeas, flores e demais decoraci3ns que servirían como ornamento para as sepulturas nun día tan especial para a honra dos defuntos. Ademáis, apuntou que as familias adiñeiradas eran as que peores decoraci3ns poñían (Anderson et al, 2009: 433). Este día relacionabase con San Martiño, considerada unha data importante porque precedía a chegada do inverno (Herrero, 1997: 61). Durante o Día de Defuntos os veciños e veciñas visitaban o cemiterio e participaban nas cerimoniais pertinentes: era unha xornada onde se reunía a comunidade para conmemorar ás persoas falecidas e rezar por elas. Era comú n que o camposanto se enchera de flores levadas polos familiares e colocadas nas sepulturas o día 31 de Outubro, para que o propio Día de Defuntos estiveran decoradas.



O cemiterio, decorando a tumba o día de Todos os Santos, Muros  
1 de novembro de 1924<sup>10</sup>

<sup>10</sup> Extraída de Anderson *et al*, 2009: 380

Como xa vimos, os ciclos agrícolas marcaban as diferentes festividades anuais. Neste caso temos a matanza do porco e a sementeira do cereal da primavera (González Reboredo, 1997b: 268). Tamén se celebraba o magosto onde a protagonista desta festa era a castaña asada ou cocida, é dicir, o zoncho (González Reboredo, 1997b: 269-270). No magosto participaba toda a comunidade, acendíanse brasas con paus para facer as castañas, acostumaba a haber música e desfrutábase ca compañía dos veciños. Nalgúns lugares esta festa celebrábase a modo de romería, cunha copiosa comida ou merenda, gaiteros e viño (González Reboredo, 1997b: 270).

### 8. 3. 2 O loito feminino: códigos e construción simbólica

Que o loito fora máis estricto coas mulleres non é casualidade. Era unha ferramenta de control creada por unha sociedade patriarcal que pretendía relegar as mulleres aos ámbitos que máis beneficiaban aos homes. Desta forma eran máis sinxelo manipulalas e telas baixo control; as directrices do loito eran claras: eliminar a pouca diversión e descanso das mulleres para que se centraran nas tarefas do fogar e nas labores que lle proporcionaran algún beneficio. Algunhas mulleres deixaban eses traballos e centrábanse nas tarefas doméstica, sen saír da casa e introducíndose na enerxía da dor, a tristeza e a soidade que tan ben plasmará García Lorca en *La casa de Bernarda Alba*. O loito era, sen dúbida, unha ferramenta de control social feminino.

Había mulleres que se casaban vestidas de negro debido á morte dalgún parente cercano pouco tempo antes da voda. Moitas das mulleres fotografiadas por Ruth Matilda que teñen avanzada idade ían vestidas de negro como símbolo de que portan loito xa sexa por que eran viúvas ou como por mostra de respecto tras a morte dun fillo ou outro familiar da súa linaxe ou da do marido. Os tintes rechamantes e a roupa de cores vivos non era algo que resaltara na Galicia rural dos anos vinte, salvo determinadas prendas que se reservaban para días especiais. A meirande parte da roupa era de cores máis apagados debido a que eran cores máis doadas para o traballo. Estamos a falar do traballo das mulleres no mundo rural onde as labores que realizaban estaban vinculadas á terra e ao mar, polo que ensucialas era algo común. Como é obvio, o lavado das prendas corría á súa conta e o feito de que se mancharan non significa que sempre estiveran sucias. Porén, para eliminar mellor as manchas era preferible vestir cores escuros. Pero isto non era o que ocurría coas mulleres que traballaban na cidade, como tamén escribiu Ruth nas súas anotacións durante a visita que fai da Coruña

en xaneiro de 1926, onde narra como as amas de cría son distinguidas na cidade polos seus mandís e cofias brancas coma a neve (Anderson *et al*, 2009: 299). As prendas escuras acompañaban ás nosas mulleres do rural no día a día, pero a cor negra era un claro símbolo de morte. Unha morte que marcaba máis aos vivos que ao propio defunto.

### 8. 3. 2. 1 A roupa como linguaxe da dor

Nun primeiro momento Ruth fixou a súa mirada no xesto que fixo unha muller maior que portaba un rosario nas súas mans. Ese xesto foi recreado polas mulleres da fotografía, unha imaxe moi representativa da solemnidade.

*An elderly woman who had just come from Mass, carrying her rosary twisted round her left thumb, was wrapped in her church mantilla, a black headcape of broadcloth an velvet, the lon ends, crossed in front, she held in place with her clasped hands (Anderson et al, 1939: 307)*

O seguinte que chamou a atención de Ruth foi a indumentaria destas mulleres. Como vimos, tiña un gran interese polos traxes tradicionais galegos e, neste caso, a forma de vestir destas mulleres invadidas polo loito e que ían celebrar o Día de Defuntos á igrexa de Muros chamou moito a súa atención.

*Under the mantilla appeared a fringed, gored skirt of gray wool. and going back by a tarter way of te fonda, we found two little women wearing plain mantillas, narrowly edged with silk, which moulded their heads and shoulders sleekly so that from the back, as they turned their heads, they looked like stretching seals (Anderson et al, 1939: 307)*

No referente a esta viaxe e, concretamente ás mantillas, Ruth deixa plasmado na súa obra que o descubrimento desta prenda foi moi alentador, porque escoitaran falar moitas veces da ‘muradana’ como algo fermoso e que caracterizaba ás mulleres galegas máis guapas. A mantilla estivo moi presente na indumentaria relixiosa feminina do século XX. Representaba unha forma sacra de vestir. Esta prenda tiña a función simbólica de completar unha vestimenta que simbolizaba perda, dor e respecto. As mantillas chamaron a atención de Ruth por seren unha expresión exótica e simbólica das galegas do rural. Esta prenda era de

uso feminino exclusivo e amosaba ás mulleres como portadoras de loito por excelencia e da relixiosidade popular. Anderson estaba moi interesada nos traxes rexionais tradicionais, onde procuraba os signos de autenticidade cultural que tamén interesaban a Huntington.

*Before coming here, we had many times heard the muradana called "beautiful" ande "the loveliest woman of Galicia", with frequent references to the ancient bloods, Greek, Phoenician, Carthaginian, thought to be proved of the Muros people not only by their facial contours but also by certain of the characteristics, such as adroitness in dealing (Anderson et al, 1939: 309)*

Esta idealización das mulleres de Muros como as máis fermosas de Galicia, ao relacionalas coas culturas antigas, representa unha construción da beleza feminina mitificada. Esta suposta beleza ía máis aló do traxe e relaciónase co sangue antigo e a destreza no trato. Esta interpretación de Ruth viña condicionada pola necesidade de procurar unha conexión entre as mulleres galegas do rural coas antigas culturas que foron idealizadas dende finais do século XIX, como a grega. Este apuntamento está totalmente marcado polo exotismo que Huntington procuraba e que Anderson creu atopar ao seguir as directrices impostas polo fundador da HSA. Ruth non buscaba relacionar ás mulleres galegas coas gregas, fenicias ou cartaxinesas dende unha imaxe real, senón dende o imaxinario popular. Cando escoitamos falar destes pobos da Antigüidade cargados de mitos, a nosa mirada achégase a eles dende a memoria e a construción estereotipada que se ten sobre eles, non dende unha realidade histórica, historiográfica ou antropolóxica. Ruth, sendo máis ou menos consciente diso, relaciona ás mulleres muradanas de loito cos pobos antigos retomando a conexión mitolóxica e exótica que tanto cautivou aos estudosos.

### 8. 3. 3 Mulleres anticipadoras da morte

As mulleres non só eran as portadoras de loito por excelencia senón que dialogaba coa morte antes de que ocorrira. Elas eran as que *ofrecían* aos enfermos a diferentes santos pedindo pola súa sanación ou, cando o doente xa estaba a piques de morrer, rezaban pola súa alma. As estampas de mulleres rezando arredor do leito dunha persoa doente estiveron presentes ata non hai moito en zonas da Galicia rural. Sempre son elas as que protagonizan procesións de xeonllos pedindo que unha persoa cercana sane da súa enfermidade, e poder así esquivar a morte (Lisón, 2008: 91). Son as que resgardan a información necesaria para

evitala. Coñecen rituais e supersticións que poden axudar a que alguén sobreviva a unha enfermidade, viaxe ou ‘embruxamento’. Tamén saben falar cos santos para que intercedan por elas ante Deus e salven a vida do doente ou a alma do defundo.

A partir do século XIX comezou a extenderse a omnipresenza da Virxe María, á que se lle reza polas almas e as enfermidades. Tamén se ampliou a corte celestial cobrando protagonismo o Anxo da Garda que protexe os vivos (Rey, 1991: 187). Elas non eran as que xestionaban as terras, casas, animais e demais herencia dos mortos, pero si eran as que se preocupaban porque a súa alma chegase ao ceo mediante os seus rezos interminables. Eran as que axudaban ao enfermo a “ben morrer” ao guialo cara o ceo coas súas oracións e pedindo a presenza dun cura cando fora necesario aplicar o derradeiro sacramento (Lisón, 2008: 113). Ademais, as imaxes dos santos son unha analoxía que tamén funciona en sentido inverso coa finalidade de reforzar determinados comportamentos e que estes foran imitados polos fieis (Herrero, 1997: 46). Por exemplo, as imaxes de diferentes santos ou da sagrada familia tentan ser un exemplo a seguir, ao mesmo tempo que tamén son un reflexo ideal da familia cristiá. No caso da Vixe María, a noite de Venres Santo sae á rúa cun rostro cheo de dor pola morte do seu fillo. Isto non quer dicir que as mulleres que vivían a morte dos seus fillos imitaran os comportamentos da virxe senón que a nai de Xesús era unha clara representación desas nais que quedan sen fillos.

Dende pequenas, ás mulleres se lles ensinaba o importante que era falar con Deus e interceder coa morte. Na cultura galega vinculada ao medio rural tiña profundo arraigo a relixiosidade popular e tradicional, e as mulleres eran as que levaban unha vida máis vinculada á relixión católica (Herrero, 1997: 27). A responsabilidade do que ocorría coa alma ao finalizar a vida parecía recaer nelas. Esta tamén era unha función claramente feminina, malia que os homes tamén rezaban, ían aos enterros e vestían de negro como símbolo de loito, a responsabilidade das mulleres con esa parte espiritual era maior. Tras a morte dun familiar achegado, ou non tan achegado, esperabase das mulleres que quedarán máis relegadas ao fogar. O obxectivo non era que suprimiran as súas labores relacionadas coa casa, a terra ou calquera outra actividade que lles proporcionara algún tipo de beneficio, senón eliminar calquera ápice de ocio que esas mulleres podían ter na súa vida.

Se analizamos os orzamentos familiares desta época podemos ver como a cantidade de cartos destiñados ao ocio dos homes era maior que o das mulleres, ao igual que ocorría coa

roupa. Os cartos empregados polos homes no ocio non eran equivalentes ao gasto das mulleres. Principalmente porque o ocio feminino no rural era, na meirande parte, gratuito. Falar coas veciñas, xogar ás cartas, bailar verbena da aldea... Ademís, non eran actividades moi recorrentes xa que tiñan outras tarefas das que encargarse como coidar aos nenos, realizar as labores do fogar e traballar no terreo pertencente á casa. O pouco ocio protagonizado polas mulleres quedaba anulado cando estaban de loito. A agonía non afectaba só ao doente no seu leito de morte, senón tamén aos vivos que quedaban, sobre todo as mulleres (Lisón, 2008: 113). Non podían cantar, conversar, rir, vestir cores consideradas ‘alegres’, ir á costura ou realizar actividades fóra da casas consideradas non necesarias. Porén, os homes podían vestir de negro pero seguir desempeñando as tarefas que lles correspondían; nin se consideraba que eles deixaran o seu traballo fóra da casa. Eran concebidos como *male-breadwinner* que sustenta á familia mediante o seu traballo. As súas actividades tiñan máis relevancia que as femininas. Ademáis, non había ningunha tradición que coartara as súas liberdades, nin se pretendía que a houbera.

#### 8. 3. 3. 1 Mulleres que tratan cos mortos

Tamén eran principalmente as mulleres as que vestían aos mortos poñéndolles as súas mellores roupas. Nun tempo onde a roupa non era algo abundante nos armarios das familias, había persoas que mercaban un traxe especificamente para a súa morte. O común era velar ao falecido na casa e coa caixa fúnebre aberta. Elas falaban cos corpos cando o rigor mortis era tan forte que non podían meter a man do falecido pola manga da roupa; dicíanlles frases como ”dame a manciña, Fulano, que hai que vestirte”. E a rixidez do corpo esfumábase para poderse vestir (Lisón, 2008: 120). Tan importante é o papel das mulleres que non só visten aos mortos senón que o fan dunha forma tan doce e achegada que consiguen relaxar os seus corpos e preparar as súas almas para o descanso eterno.

En Galicia hai unha gran variedade de rituais e costumes relacionadas coa morte e o loito, toda esa diversidade ten raíces comúns pero con matices propios de cada zona como representación da heteroxeneidade cultural que se atopa en terras galegas (Lisón, 2008: 179-180). Algunhas mulleres tamén podían predecir a morte nalgúns casos nos que visitaban a un familiar ou veciño e persentía que estaba a piques de morrer. Isto pode non deberse tanto a unha premonición máxica senón médica; elas eran as responsables dos coidados dos enfermos e ao longo da súa vida viran falecer a moitos (Lisón, 2008: 113).

#### 8. 3. 4 A morte vivida en comunidade: o loito como marcador social

A intimidade na Galicia rural do século XX non pertencía só ao núcleo familiar senón tamén á veciñanza. Cando as campás tocaban a morto, o seu son funcionaba como unha canle de información que mobilizaba á veciñanza. Primeiro para enterarse de quen falecera, e logo para ir á casa do defunto (Chao, 1997b: 89). Tras a morte dunha persoa o seu corpo sen vida era velado na casa e levábase a cabo unha especie de ‘banquete’ para as persoas que asistiran. Incluso nos alimentos consumidos había unha diferenciación de xénero: o alcohol era algo presente nestes banquetes e mentres para os homes solía sacarse a caña, as mulleres tiñan que conformarse con viño doce ou, sobre todo, auga ou algunha outra bebida sen alcohol. O ambiente festivo destes banquetes ten como finalidade a desviación da atención da que falabamos anteriormente para aportar un pouco de ar fresco aos familiares afectados pola morte (Gondar, 193: 117-118). Pero tamén era unha mostra de apoio por parte da comunidade. Os tanatorios actuais privan á comunidade dun proceso simbólico de duelo común ao converter ao defunto nun produto e non nun achegado (Chao, 1997b: 91).

Na época fotografada por Ruth eran as familiares ou veciñas as que vestía ao morto. Se algunha persoa do pobo ou da aldea, por mor dunha doenza, non podía asistir ao velatorio ou enterro do veciño falecido, sempre tentaba enviar un fillo como representación da casa para que dera o seu apoio á familia do morto. A presenza do corpo do defunto na casa para o seu pertinente velorio, era unha mostra de corpo presente e ausente (Chao, 1997b: 94). Físicamente aínda se atopaba entre os vivos pero a súa alma xa non estaba no mundo terrenal. A morte vivíase de maneira colectiva, era patrimonio dos familiares pero tamén dos veciños; o fenómeno afectaba a toda a comunidade (Lisón, 2008: 100). Por outra banda, o loito actuaba a modo de marcaxe social, limitaba tamén as cousas que se podían facer e as que non. Os xuíces que validaban estas mulleres de loito eran os demais membros da comunidade.

Pero o sentido da morte era diferente para os colectivos rurais e urbanos. No rural tiñan uns comportamentos moito máis homoxéneos porque todas as familias solían ter unha realidade económica e social semellante. Ademáis, a comunidade rural era máis solidaria e nas misas diarias lembrábase ás ánimas do Purgatorio e rezábase por elas como acto de salvación das almas en xeral (Rey, 1991: 199). O sufrimento pola morte de alguén non se vivía en privado senón que á vista da familia e incluso os veciños (Rey, 1991: 184). Na Noia

visitada por Anderson uns habitantes da vila dixéronlle que alí era común entrar no cuarto do defunto collidos das mans e dar voltas á cama facendo un ruído similar ao zumbido da abella; segundo a crenza, quen antes parara de camiñar arredor do leito mortuorio sería o próximo en falecer (Torrado, 2011: 42). Esperábase que ante a morte de alguén cercano as mulleres estiveran máis afectadas que os homes, principalmente porque elas si podían amosar a dor e o sufrimento. Os homes non solían protagonizar eses prantos incontrolables por ser mostra de debilidade e falta de masculinidade. Isto non quer dicir que non rompesen a chorar en determinadas ocasións. Sen dúbida a dor está por enriba dos constructos sociais, pero mentres que para mulleres era algo que se daba por feito, no caso dos homes non se esperaba que a tristeza estivera por riba da súa compostura. Para interceder no sufrimento dos familiares, sobre todo das mulleres afectadas pola morte de alguén, levábanse a cabo unha serie de mecanismos de desviación da atención que consistían na entrada masiva da colectividade no ámbito doméstico da persoa que falecera (Gondar, 1993: 86-87).



Enterramento en Noia  
Outubro de 1924<sup>11</sup>

Tras o velatorio viña o enterro, outro evento importante para toda a comunidade. Unha das primeiras fotografías realizadas por Anderson cando chegou á vila de Noia en 1925 captaba a un grupo de catro persoas cavando unha tumba mentres outras cinco observaban (Torrado, 2011: 38). Polo que vemos, incluso a elaboración do enterramento era feito en comunidade. Recollendo este testemuño dos veciños noieses, Ruth amosa o seu interese polos

---

<sup>11</sup> Extraída de Torrado 2011, 38

rituais mortuorios das distintas zonas rurais de Galicia, cumprindo coas demandas outorgadas pola HSA.

O enterro tamén tiña unha parte social. O obxectivo era que a sepultura se atopara o máis preto posible do lugar da oración, é dicir a igrexa. Os fidalgos e eclesiásticos ocupaban as sepulturas máis caras mentres a sociedade rural distribuíase nas de prezos máis baixos (Rey, 1991: 189-190). A cerimonia que precedía o enterro tamén tiña unha función social coa que se pretendía amosar ao resto da comunidade o poder adquisitivo da familia do defunto. A medida que se descende na escala social, apréciase unha perda de elementos cerimoniais do enterro. Debido á pouca posibilidade de lucirse das familias das clases baixas nos enterros, eran as cofrarías parroquiais e os sacerdotes os que portaban un pouco máis de vistosidade (Rey, 1991: 191).

Ata non hai tantos anos os enterros dos ricos contaban cun número de curas moito maior, mentres que os máis desafortunados podían ter entre tres ou catro. A morte vai máis alá dun enterro ou dun testamento; as actitudes ante ela son de claro interese para a historiografía e a historia das mentalidades. A morte non só ten consecuencias emocionais nos vivos senón tamén demográficas que rematan afectando á sociedade. Cando fina unha persoa cuxo traballo era importante para o mantemento da economía familiar os demais membros teñen que crear outra estratexia para conseguir cartos (Rey, 1991: 177). Por outra banda, tamén é un beneficio en canto a que hai unha boca menos que alimentar ou menos roupa para mercar. A Igrexa encargouse de tranquilizar aos vivos sobre a morte ao representala como unha viaxe que lle chega a todos. Ante ese carácter igualador da morte súmanlle o sentido liberador: tras unha vida chea de calamidades a morte permitía descansar por fin (Rey, 1991: 183).

#### 8. 3. 5 As viúvas: condición social e simbolismo cultural

Cando o falecido era o marido todos os síntomas relacionados coa tristeza, a dor e a angustia multiplicábanse. Alomenos socialmente esperabase que así fora. A cousa tamén cambiaba dependendo da idade do falecido. Se o home era novo ou relativamente novo e estaba en idade de traballar, o asunto era máis grave xa que deixaba á familia sen unha parte importante dos ingresos do fogar. Por outra banda, se o home era maior e moi dependente dos

coidados, podía ser percibido como un alivio para a muller malia que non debía de mostralo máis que para dicir ‘agora por fin descansa’ (e ela tamén).

Unha das peores situacións que podía atopar a viúva é vivir na casa da familia do marido, sobre todo se era unha rapaza aínda nova e se lle presentaba a oportunidade de voltar a casar pasado o tempo axeitado (Gondar e Herrero, 1991: 110). Ese tempo era algo determinado pola sociedade, e se pasaran poucos anos dicían que era cedo. Que unha muller casara tras enviudar estaba peor visto que se o facía un home. Se eles quedaban viúvos e con fillos ao seu cargo, a ollos da sociedade era completamente normal que el voltara a casar (ás veces cunha irmá da muller falecida); alguén tiña que facerse cargo dos nenos mentres el traballaba. Porén, se era unha muller a que decidía casar, pensábase que non tiña respecto ao marido. Se xa pasaran moitos anos podía ser considerado algo axeitado pero, aínda así, había máis prexuízos sobre elas. Cando algunha muller quedaba viúva era común que algún membro ou membros da súa familia lle botaran unha man cos fillos. No caso das mulleres viúvas facíase para tentar que o sufrimento fora a menos e que ela puidera descansar; pero no caso dos homes esta axuda nos coidados dos fillos tiña como finalidade que el recuperara a súa vida normal canto antes. Cando non había fillos, o amparo por parte da familia do viúvo era menor que o da viúva xa que se entendía que os homes non necesitaban tanto apoio porque sabía levar mellor o duelo que as mulleres (Gondar e Herrero, 1991: 123).

No relacionado co ocio, as mulleres viúvas estaban máis limitadas todavía. Se xa vimos que a sociedade era moi estricta en canto ao loito feminino, isto agravábase cando se trataba dunha viúva. Todas as expresións de alegría da comunidade ou as situacións que implicaran bulicio son evitadas pola viúva; unha actitude que a comezos do século XX se consideraba que a tiña que acompañar toda a vida (Gondar e Herrero, 1991: 140-141).

#### 8. 3. 6 Crenzas espirituais: supostos poderes máxicos femininos

No ámbito espiritual as mulleres tamén son encargadas de rachar embruxamentos, desfacer envexas e estar presentes nas procesións e ceremonias relixiosas importantes (Lisón, 2004: 172). Esa crenza da muller como un ser de luz protector tamén é unha idea imposta pola sociedade patriarcal e unha relixión católica moi condicionada polo sexismo da época. Como a enfermidade era considerada obra do Demo, a cura só podía vir da man de Deus; as mulleres capaces de exercer a curación eran moi veneradas polos veciños (Mariño, 1997b:

127). Ademáis, moitos dos ritos e rezos para desfacer meigallos ou tratar doenzas estaban claramente ligados á relixión cristiá. As mulleres que os protagonizaban pregaban a diferentes santos e incluso a Deus para que as axudaran. Tamén empregaban elementos como cruces ao crer que elas albergaban algún tipo de poder máxico de curación como símbolo asociado con Xesucristo. De aí vén a consideración dos cruceiros como lugares máxicos que axudan a sandar, quitar o aire e os males de ollo.

Pero se ben había mulleres que podían ser admiradas polas súas capacidades de curar enfermidades e outras calamidades espirituais, tamén podían ser consideradas bruxas. O proceso de persecución destas mulleres ‘sabias’ en Galicia foi moi feble, é dicir, a Inquisición non traballou tanto nos casos de bruxería galega como si fixo no País Vasco. *Galicia, terra meiga* foi un tópico impulsado pola propaganda turística galega durante o Franquismo coa finalidade de atraer máis visitantes ao amosar unha sensación misteriosa que, segundo a publicidade, só podían atoparse aquí. O conxuro da queimada, tan popular actualmente, lonxe de ter raíces milenarias foi unha invención da década de 1960 popularizada por Manuel Fraga. Porén, cabe perfilar que a asociación da bruxa clásica co Demo non foi unha invención popular senón unha creación eclesiástica para erradicar un mal social mediante a súa concentración en persoas concretas e, como non, as mulleres estaban no punto de mira (Chao, 1997a: 74). Este estigma perdurou no tempo, acentuando ese dobre filo no que as mulleres tanto eran provocadoras do mal como sanadoras do mesmo.

#### 8. 3. 6. 1 Supersticións negativas sobre as mulleres

Da mesma forma que a muller pode solucionar certos males, tamén pode ser a que os provoca debido á súa condición feminina. Pode repeler a sorte e atraer o perigo, considerando que non pode coller froitas das árbores nin degustalas polo convencemento de que, se o fai, a arbore pudrirá ou o a terra quedará estéril. Estas supersticións radican na mala sorte ou desgracias que podía chegar a atraer unha muller polo mero feito de ser unha muller (Lisón, 2004: 177).

Unha das formas de actuar do Diaño é meténdose nos corpos, sobre todo de aqueles débiles que deixan a un lado a relixión (González Reboredo, 1997a: 246). A muller podía ser sabia e curar mediante o rezo ou o coñecemento das propiedades medicinais das plantas, pero tamén pode ser a orixe do mal xa que moitas crenzas populares conéctanas de forma directa

co Demo (Lisón, 2004: 177). Se a cruz era o símbolo de Deus que incluso axudaba na curación, os cornos eran o elemento representativo do Demo; por iso se asocia a presenza do Diaño nos aquelarres de bruxas, cun macho cabrío (Mariño, 1997a: 173-174). Este animal era o que presidía a reunión, obrigando ás mulleres a cometer actos impuros e, posteriormente, tiña relacións sexuais con elas. Estas relacións eran consideradas un pecado carnal e por iso eran protagonizadas, na crenza popular, polo demo e as mulleres bruxas, ou as mulleres que tiñan o demo no corpo. Ademais, o macho cabrío comparte características físicas con Satán que segundo a cultura popular tiña cornos, pelo, era de cor negra e fedía (Mariño, 1997a: 185).

Se ben é certo que as mulleres estaban máis implicadas en todos os rituais que tiveran que ver coa relixión, tamén o era que se consideaban febles. Unha debilidade que herdaran da súa devanceira bíblica Eva. Ela foi a que consumiu a froita prohibida e persuadiu a Adán para que o fixera tamén. Convertendo así á totalidade das mulleres descendentes desa primeira muller bíblica en seres débiles pero cunha esencia chea de perversión e malicia. A debilidade de Eva foi a que fixo que caera na tentación presentada polo Demo en forma de serpe. Este vínculo entre mulleres e o Diaño fixo que se estendera a crenza de que as meigas teñen relacións sexuais co Demo, representando así a visión que se tivo durante séculos sobre a muller como representación do pecado e da lascivia (Lisón, 2004: 178). Por iso ás veces se identificaba á muller co propio Lucifer, considerado un ser seductor que enmascaraba a súa aparencia como un anxo de luz, habitualmente adoitando a forma dunha muller fermosa (Chao, 1997a: 73).

## 9. Desmontando a hipótese do matriarcado galego

A imaxe sobre as sociedades matriarcais do pasado adquiriu popularidade na segunda metade do século XIX onde había teorías que defendían que eran as mulleres as que dominaban a política e a economía nas sociedades occidentais (Alonso e Rosema, 2012: 203). As actividades realizadas polas mulleres fotografadas por Anderson poden avivar o discurso do matriarcado galego do que nos fala María Xosé Queizán na súa obra *A Muller en Galicia : A muller na sociedade galega : A lingua galega e a muller* (1977). Queizán ensalza o papel e o traballo da muller galega como algo fundamental a nivel social, económico e cultural, o cal pode desembocar nesa crenza da existencia dunha especie de matriarcado. Malia que a propia autora di que hai que rexeitar esa concepción porque a presunción dunha atmosfera matriarcal

supón o recoñecemento de Galicia como unha terra ceibe para as mulleres, cando realmente iso non era así (Méndez, 2017: 15).

*A sociedade rural (está lonxe) dun auténtico matriarcado. [...] O sistema é patriarcal. A razón pola cal a muller galega ten que se facer cárrego da casa, da facenda, de todo o traballo e os fillos é mágoa da emigración. [...] Aquí, en Galicia, quedan as mulleres mantendo o lume sagrado da nosa terra, da nosa lingua e cultura, e traballando arreo (Queizán, 1977: 25-6)<sup>12</sup>*

Desta forma podemos ver como unha das primeiras escritoras sobre antropoloxía feminista galega da década de 1970 expresa a importancia das mulleres a nivel social e incluso as reconece como figuras esenciais na preservación da cultura galega. Pero hai que ter coidado con esa crenza de que eran as mulleres as que levaban a batuta en termos sociais porque esa idea do matriarcado galego non é máis que unha romantización do esforzo das mulleres galegas que, ao non ser recoñecido no seu momento, téntase dar a volta ao discurso facendo que se valore máis o esforzo levado a cabo por elas durante séculos.

A realidade é que non fai falla romantizar nin hiperbolizar as súas actividades dentro ou fóra da casa. Co simple recoñecemento e presenza delas na Historia é suficiente para reivindicar a súa importancia. A falla de interese sobre estudos de xénero no ámbito local remarca a necesidade de darlles voz e non ten porque ser unha voz esaxerada ou irreal. A difusión da súa existencia e participación son motivo suficiente para apreciar o seu papel na Historia.

Pero ademáis, a defensa dun dominio político, económico e social por parte das mulleres, refírese a todas as mulleres? Pode defenderse que as mulleres das clases acomodadas eran as que dirixían todo o relacionado coa intelectualidade, e as das cases baixas do rural foron as que traballaron coas súas mans para construír esa sociedade matriarcal. Para poder realizar estudos antropolóxicos e sociais máis precisos é necesario ter en conta a diversidade das mulleres galegas. Malia que as agrupemos por clases sociais, cada unha tiña unha situación diferente, independentemente da súa procedencia (Alonso e Sharon, 2012: 204).

---

<sup>12</sup> Extraído de Méndez, 2014: 15

O antropólogo Carmelo Lisón Tolosana di que a muller é a que manda e non só en Galicia (Lisón, 2004: 184). Remata un artigo sobre o perfil das mulleres no mundo rural que se centra no seu papel como traballadora da terra e na súa importancia como piar da familia, pero sobre todo nas crianzas espirituais e supersticións, pero isto pode ser un pouco impulsivo. Reflexiona sobre a importancia superior da muller despois de dicir que "o predominio masculino é endeble", co cal voltamos a ver a romantización da muller nun intento por enaltecer a súa relevancia na historia (Lisón, 2004: 184). Tamén fala da muller como ente que domina non só a vida social senón tamén a económica. É ela a que lle di ao marido como administrar os cartos (Alonso e Roseman, 2012: 208). Isto remítenos á crenza de que a muller é un ser perverso con aparencia doce pero que en realidade controla e manipula aos homes. Este estigma da muller perversa tamén pode establecer unha relación entre os seres femininos e o Demo. En resumo, as mulleres si xestonaban os cartos do fogar pero non ata onde elas querían, senón ata onde os homes (marido, pai, irmán, fillo...) lles deixaban. Propoñer que as mulleres eran as que mandaban de forma clandestina en todos os aspectos da vida galega do século XX é unha conspiración que, ou ben está relacionada coa hiperbolización das capacidades femininas ao crer que as mulleres son seres anxelicais, ou ben todo o contrario, que estas teorías do dominio feminino radican na crenza de que as mulleres son seres manipuladores que actúan dende a sombra. Chegar a esa conclusión tras unha investigación é algo errado; suporía a negación do dominio masculino sobre a sociedade e a cultura do rural galego. Ademais, concluir iso como resposta a un traballo onde se mestura a importancia da muller baseándose en información tan concreta e pouco desenvolvida, non só é precipitado senón erróneo. A antropoloxía é a encargada de estudar todo aquilo que rodea ao ser humano, como a sociedade e a cultura, polo que deducir que as mulleres eran as que mandaban realmente porque si fixeron cousas, malia que haxa fontes que nos oculten esa información, non é máis que crear un discurso histórico ficticio e incorrecto.

Para finalizar este apartado é importante facer referencia á evolución das investigacións feministas na década de 1980. En contraposición co traballo de María Xesús Queizán que pertence á década anterior, comézase a falar das mulleres en lugar de muller (Méndez, 2017: 16). Como se mencionaba anteriormente, o feito de perfilar os termos é algo relevante nos estudos onde conceptos como este teñen unha gran relevancia. Deixar de falar da muller para falar das mulleres pon sobre a mesa a importancia do feminino como algo colectivo e non como algo illado ou particular. Agora falamos da Historia das Mulleres ou de

Xénero e non dunha Historia da Muller, entendendo que a perspectiva de xénero é algo plural e fai referencia a múltiples realidades que, dentro da súa complexidade, poden estar discriminada por cuestións de xénero.

## Conclusións

Neste traballo achegámonos á realidade das mulleres galegas do rural na década de 1920 empergando a interdisciplinaridade e a ollada feminista. As fotografías analizadas actuaron a modo de exemplo visual que nos axudou a comprender os traballos femininos que tan invisibilizados son nas fontes escritas e incluso na historiografía. Esta análise permite recoñecer a importancia que tiveron as mulleres no ámbito familiar máis aló de ser só nais, esposas e fillas. Elas foron imprescindibles para o desenvolvemento da economía familiar e as súas accións foron claves para introducir as pequenas producións agrícolas familiares dentro do mercado do país.

O emprego das imaxes como fontes principais serviu para reconstruír a memoria destas mulleres e dar voz á súa ausencia na historia oficial. Por outra banda, coñecer o sesgo tras a mirada de Anderson axúdanos a comprender a percepción que temos sobre as súas fotografías. Nós achegámonos a esas imaxes dende a memoria colectiva construída, en parte, a raíz dos estereotipos que se atopaban na mirada de Ruth. A Galicia rural como terra sen corromper e cuxos habitantes semellan ser indíxenas carentes dunha intelixencia semellante ao resto da Europa industrializada. Malia que os avances sociais, intelectuais e culturais non se atopan de maneira evidente nestas fotografías, non significa que non os houbera. O mesmo ocorre coa modernización económica e a conciencia agrarista. Os galegos e galegas fotografadas non só eran coitadiños e intelixentes por coñecer os ciclos agrícolas e adaptarse aos cambios da terra; tamén foron imprescindible na modernización do rural e no cambio cultural que ocorreu na Galicia dos anos vinte.

Descartamos o discurso das mulleres como *man invisible* que se topa tras a política, a economía e a sociedade galega. Cómpre recalcar que afirmar que existiu un matriarcado non é máis que unha idealización que lonxe de beneficiar e ensalzar ás nosas devanceiras négalles o pasado patriarcal no que viviron. Para recoñecer o seu traballo non é preciso hiperbolizalo, simplemente hai que investigalo e poñelo en valor tal e como foi; iso non lle quita importancia. Conspirar co papel que ocuparon as mulleres galegas do século pasado é

privadas de relevancia para a nosa historia. Semella que só poden formar parte da reconstrución do pasado se levaron a cabo un matriarcado encuberto. A realidade é que non houbo ningún tipo de soberanía feminina, pero iso non quita valor ao seu papel. A interpretación das fotografías de Anderson neste senso poden facernos caer en erros. Ademais das imaxes, as fontes orais tamén poden aportarnos moita información sobre os traballos femininos. E se falamos con algunha avoa ou bisavoa do rural, o interesante non é que nos digan que traballaron, xa que seguramente si o fixeron, senón como transmiten esa información. Ou ben lle sacan importancia ás tarefas que realizaban ou ben recalcan o sacrificio co que protagonizaron diversas actividades. As dúas formas de comunicar responden ao mesmo feito: non ser recoñecidas polos seu coetáneos. Se ninguén as alabou polos seus traballos elas mesmas tampouco. Isto débese a esa falta de recoñecemento que nós, como historiadores debemos dar. Non só porque sexa o noso traballo conformar unha Historia o máis fiel posible á realidade do pasado senón porque tamén é un acto de xustiza e de memoria. Como di Alba Rodríguez-Saavedra (2022) esta ausencia de mulleres na memoria colectiva déixanos ás galegas actuais *orfas de referentes*. Por elo este tipo de traballos nos que se recoñece o papel das nosas devanceiras actúa como espello e como ferramenta para coñecer a sociedade actual. Ademais, as mulleres non teñen que ser as máis destacadas nun sector, profesión ou ocupación para que formar parte da Historia. De igual forma, non teñen que destacar por actividades individuais; as accións colectivas de grupos de mulleres tamén son de gran interese histórico.

Ao longo deste traballo quedou clara a necesidade de facer unha reescritura da Historia onde as mulleres ocupen o papel que deben, sen ser silenciadas nin infravaloradas. Debido á ausencia de fontes documentais que nos indiquen porcentaxes exactos das súas ocupacións, salarios, etc, non podemos escribir unha historia tan real coma nos gustaría. Pero debemos tentar darlles parte desa voz que lles foi arrebatada. Por iso iniciativas nas que se achegue a información necesaria sobre a muller na sociedade rural galega son moi importantes. Por exemplo, os proxectos interactivos en museos que defendan a cultura tradicional galega deben gardar un oco para concienciar sobre a historia das mulleres galegas. Iniciativas como a desenvolvida polo Museo do Pobo Galego, onde si se pretende un achegamento a esta parte importante da nosa historia dunha forma didáctica e cunha linguaxe comprensible axudan, non só a poñer en valor o pasado galego senón tamén a concienciar sobre o mesmo (Estévez *et al*, 2004: 245-251).

Quizáis as mulleres da Galicia rural non están investigadas, pero foron de gran relevancia para a Historia. Se ben é certo que adicarlles un apartado específico non é algo negativo para comezar a introducilas na Historia, o seguinte paso é darlles un lugar ao lado dos homes porque están ao seu nivel en termos de profesión ou importancia histórica. Unha sección a parte é algo positivo, pero estamos na procura de igualdade e equidade de importancia e, xa que os seus contemporáneos non as colocaron ao seu carón, debemos facelo nós. As mulleres galegas do rural botaban unha man, pero sobre todo, traballaban.

### Agradecementos

Ás miñas bisavoas Isolina e María, que deixaron este mundo con máis de noventa anos, vestidas de loito e co sacho na man. Que traballaron a terra toda a súa vida sen descanso e tamén sen recoñecemento. Á miña avoa Lola, que segue a traballar día a día seguindo o compromiso da súa nai e sempre cun sorriso, pero cos ollos cheos de dor. E por suposto a miña nai, Margarita, como exemplo de loita, esforzo e bondade. Estar rodeada de mulleres tan fortes é alentador, malia que é inxusto que o seu sacrificio e traballo non sexan recoñecidos pola sociedade. Por iso lles dou as grazas, porque ante esta inxustiza non me queda outra que alzar a voz por elas; non só son importantes para min, senón tamén para a Historia.

## Bibliografía

Agirreazkuenaga, J., Urquijo Goitia, M., Villares, R., Universidad del País Vasco. Servicio Editorial (Ed.) & Seminario Internacional de Historia Local. (1996) *Perspectivas de historia local: Galicia y Portugal*. Universidad del País Vasco.

Alonso, E., & Roseman, S. R. (2012) *Antropoloxía das mulleres galegas : as outras olladas*. Sotelo Blanco.

Anderson, R. M. Pedret Casado, P. & Hispanic Society of America (ed). (1939) *Pontevedra and La Coruña*. Hispanic Society of America.

Anderson, R. M. (1992) As Guerras dos aparellos no mar das sardiñas : provincias galegas, Pontevedra e A Coruña de Ruth Matilda Anderson. *Cadernos A Nosa Terra de pensamento e cultura*. 32–37.

Anderson, R. M., Cabo Villaverde, X. L., Centro Galego de Artes da Imaxe editor, & Hispanic Society of America (Ed.) (1998) *Ruth Matilda Anderson : fotografías de Galicia 1924-1926*. Centro Galego de Artes da Imaxe.

Anderson, R. M., Lenaghan, P., Espinosa Fernández, N., Fundación Caixa Galicia d., Hispanic Society of America (Ed). (2009) *Unha mirada de antano: fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia*. Fundación Caixa Galicia.

Borderías, C., & Muñoz Abeledo, L. (2019) ¿Quién llevaba el pan a casa en la España de 1924? Trabajo y economías familiares de jornaleros y pescadores en Cataluña y Galicia. *Revista de historia industrial*, n 74, 77-106.

Burke, P. (2005) *Visto y no visto: El uso de la imagen como documento histórico*. Crítica

Cabana, A., Universidade de Santiago de Compostela. Vicerreitoría de Extensión Universitaria, C. e S. editor, & Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (Eds). (2010) *As industrias lácteas. Os seus inicios e o*

*despegue da actividade de transformación*. Vicerreitoría de Extensión Universitaria, Cultura e Sociedade, Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.

Chao, X. (1997a) Alteridad diabólica en la cultura gallega. En Rodríguez Iglesias, F., González Reboredo, X. M., & Herrero Pérez, N. *Religión. Creencias. Fiestas* (66-84). Hércules de Ediciones.

Chao, X. (1997b) Entre el luto y la lucha. Morir en Galicia. En Rodríguez Iglesias, F., González Reboredo, X. M., & Herrero Pérez, N. *Religión. Creencias. Fiestas* (86-106). Hércules de Ediciones.

De Carreira, L. (2017) *Contos do mar do Son*. Andavira

Estévez, A., Lesta Chapela, E., & Veiga Hortas, C. (2004) Mujer y sociedad tradicional gallega : un programa educativo para un museo etnográfico. En *Actas / XII Jornadas DEAC*, Salamanca 2003; Marian Arlegui Sánchez, Rocío Casas de Bustos (Coord.). 245-251

Fernández Prieto, L., Balboa, X., Hervés, E., Artiaga, M. A., Fernández, A. (1997) La conflictividad rural en Galicia desde la crisis del Antiguo Régimen al Franquismo. *Noticuario de historia agraria: Boletín informativo del seminario de historia agraria*, Año n7, n 13, 165-192

Fernández Prieto, L. (2021) Agrarismo de mulleres na folga das leiteiras de Ferrol en 1910 : revisando o agrarismo. En Artiaga, A., Balboa, X., Fernández, L., e Rico, E. (eds) *Á volta do tempo : Estudos de Historia Contemporánea* (175-222). Xerais.

Ferreiro, L. (2023) Aurora e Manuela Liste Forján : leiteira e labrega : o compromiso e a solidariedade sen cancelas. En *Corenta mulleres tecendo xuntas*. Deputación da Coruña.

Forcadela, M. (2011) A representación de Galicia en Ruth Matilda Anderson. En C. Fernández Pérez-Sanjulián (ed.), *Viaxes e construción do pensamento: Viaxes e viaxeiros na Galicia anterior a 1936* (147-165). Universidade da Coruña.

Freire, X. V. (1993) *Lembranzas dun mundo esquecido : muller, política e sociedade na Galicia contemporánea, 1900-1939*. Edicións Laiovento.

Gondar, M. (1993) *Romeiros do alén : antropoloxía da morte en Galicia*. Edicións Xerais de Galicia.

Gondar, M., & Herrero Pérez, N. (1991) *Mulleres de mortos : cara a unha antropoloxía da muller galega*. Edicións Xerais de Galicia.

González Pérez, C. (1997) Os animais domésticos. En Rodríguez Iglesias, F., González Reboredo, X. M., & González Pérez, C. *Tecnoloxía agraria. Oficios* (246-324)

González Reboredo, X. M. (1997a) Etnógrafos, folcloristas e antropólogos (Século XX). En Rodríguez Iglesias, F., González Reboredo, X. M., & González Pérez, C. *Historia da antropoloxía, patrimonio etnográfico* (234-372). Hércules de Ediciones.

González Reboredo, X. M. (1997b) Fiestas cíclicas. En Rodríguez Iglesias, F., González Reboredo, X. M., & Herrero Pérez, N. *Religión. Creencias. Fiestas* (260-351). Hércules de Ediciones.

Herrero, N. (1997) La religiosidad cotidiana. En Rodríguez Iglesias, F., González Reboredo, X. M., & Herrero Pérez, N. *Religión. Creencias. Fiestas* (20-64). Hércules de Ediciones.

Humphries, J., & Sarasúa, C. (2012) Off the Record: Reconstructing Women's Labor Force Participation in the European Past. *Feminist Economics*, 18(4), 39–67.

Lenaghan, P. (2022) "Ruth M. Anderson en el Protectorado Español 1929-1930" *Imago crítica: revista de antropología, comunicación y estudios culturales*. N 8, pp. 109-140

Lisón Tolosana, C. (2004) "Perfiles tradicionales de la mujer rural gallega". *Torre de los Lujanes: Boletín de la Real Sociedad Económica Matritense de Amigos del País*, nº 52, pp. 171-184

Lisón Tolosana, C. (2008) *De la estación del amor al diálogo con la muerte (en la Galicia profunda)*. Akal.

March, K. (2011). A Galicia dos séculos XIX e XX: A ollada anglosaxona. En C. Fernández Pérez-Sanjulián (ed.), *Viaxes e construción do pensamento: Viaxes e viaxeiros na Galicia anterior a 1936* (127-145). Universidade da Coruña.

Mariño del Río, M. (1994) *Usos, tradicións e costumes en Porto do Son*. Manuel Mariño del Río (ed.)

Mariño del Río, M. (2007) *A cofradía de pescadores de Porto do Son. Desde 1774 facendo historia*. Deputación provincial de A Coruña.

Mariño del Río, M. (2016) *Cen anos na lembranza : os tráxicos sucesos en Cans (Nebra) 1916*. Deputación Provincial da Coruña.

Mariño Ferro, X. R. (1997a) La brujería. En Rodríguez Iglesias, F., González Reboredo, X. M., & Herrero Pérez, N. *Religión. Creencias. Fiestas* (170-214). Hércules de Ediciones.

Mariño Ferro, X. R. (1997b) Medicina popular. En Rodríguez Iglesias, F., González Reboredo, X. M., & Herrero Pérez, N. *Religión. Creencias. Fiestas* (112-169). Hércules de Ediciones.

Méndez, L. (2017) “O dualismo natureza/cultura: a propósito da muller rural galega”. *Boletín galego de literatura*, nº 50, pp. 5-24

Muñoz Abeledo, L. (2012) Women in the Rural and Industrial Labor Force in Nineteenth-Century Spain. *Feminist Economics*, 18(4), 121–144.

Muñoz Abeledo, L., Taboada Mella, M. S., & Verdugo Matés, R. M. (2015) Condicionantes de la actividad femenina en la Galicia de mediados del siglo XIX. *Revista de historia industrial*. 39-79.

Muñoz Abeledo, L., Taboada, M. S., Verdugo, R. M. (2019) “Determinantes de la participación femenina en el mercado de trabajo en la Galicia rural y urbana de 1924”. *Historia Agraria*, nº 79, pp. 161-186

Ortega, T. M., & Cabana Iglesia, A. (2021) *Haberlas, haylas : campesinas en la historia de España del siglo XX*. Marcial Pons Ediciones de Historia.

Pena, M. J. (2020) La cultura popular española en las fotografías de Ruth Matilda Anderson: Representaciones del pasado y relecturas digitales. *BLO*, vol. extr. n3, pp. 87-102

Queizán, M. X. (1977) *A Muller en Galicia : A muller na sociedade galega : A lingua galega e a muller : (Análise estrutural de dous métodos represivos)*. Edicios do Castro.

Rey Castelao, O. (1991) La muerte en Galicia, actitudes religiosas ante el más allá en el Antiguo Régimen. En *Mentalidades colectivas e ideoloxías / VI Xornadas de Historia de Galicia ; dirección de edición Xavier Castro e Jesús de Juana*.

Rodríguez-Saavedra, A. (2022) Ruth Matilda Anderson: A reivindicación da historia das mulleres de Galicia. *Luzes*, n 105, p. 69-73

Rúa, M. (2004) Memorias de mar e cebola. *Nova Ardentia. Revista galega de cultura marítima e fluvial*, n 1, pp: 53-59.

Saa, M. (2010) Ruth Matilda Anderson. *Andaina: revista galega de pensamento feminista*. N. 54, pp. 42-47

Soutelo, R. (2005) *Labregas, emigradas, estraperlistas e represaliadas. Experiencias de vida e lembranza de mulleres na Galicia Rural: 1900-1960*. Concello de Valga.

Torrado, M. (2011) Actualización da Noia de Ruth Matilda Anderson : fotografías de onte e hoxe. *Barbantia : anuario de Estudos do Barbanza*. 37-48.

Vázquez Varela, J. M. (1997) O ciclo dos cultivos e o aproveitamento do inculco. En Rodríguez Iglesias, F., González Reboredo, X. M., & González Pérez, C. , *Tecnoloxía agraria. Oficios (176-224)*. Hércules de Ediciones.

Vázquez, M. (2016) Ruth Matilda Anderson. *Artesonado : revista de difusión cultural da Asociación de Antigos Alumnos da Escola de Arte e Superior de Deseño «Ramón Falcón» de Lugo*. 22-25.

Vázquez Lijó, J.M. (2017) *Quiñones y jornales pesqueros en Galicia: la singular empresa de Porto do Son, 1788-1789*. Drassana, 24.

Velasco, C. (2011) Literatura de Viagens e aprendizagem do outro. En C. Fernández Pérez-Sanjulián (Ed.) *Viaxes e construción do pensamento: Viaxes e viaxeiros na Galicia anterior a 1936 (43-55)*. Universidade da Coruña.

#### Fontes hemerográficas

*La voz de la verdad: diario católico con censura eclesiástica*. Ano XVI Número 5106 - 1926 marzo 12

#### Referencias fotográficas

Alimentando ao cucho na cociña, O Corgo. 12 de xaneiro de 1925 (Anderson *et al*, 2009: 133)

Meniña levando o leite, Noia. 27-29 de outubro de 1924 (Anderson *et al*, 2009: 395)

Mulleres palillando en Camariñas. 22 de novembro de 1924 (Anderson *et al*, 1939: 451)

Vendendo empanadas de peixe, A Escavitude. 5 de outubro de 1924 (Anderson *et al*, 2009: 347)

Leiteiras regresando a Carnota. 5 de novembro de 1924 (Anderson *et al*, 2009: 281)

Mariscando preto de Carril. 19 de febreiro de 1926 (Anderson *et al*, 2009: 305)

A boa muller da taberna e as súas tres fillas en Padrón. 24-27 de outubro ou novembro de 1924 (Anderson *et al*, 2009: 282)

Comprobando as ameixas collidas co raño en A Coruña. 8-24 de decembro de 1925 (Anderson *et al*, 2009: 305)

Parella de anciáns regresando da igrexa, Muros. 1 de novembro de 1924 (Anderson *et al*, 2009: 331)

O cemiterio, decorando a tumba o día de Todos os Santos, Muros. 1 de novembro de 1924 (Anderson *et al*, 2009: 380)

Enterramento en Noia. Outubro de 1924 (Torrado, 2011: 38)